

CIDADE DA CULTURA  
BIBLIOTECA E ARQUIVO NACIONAL DE GALICIA

D O C U M E N T O S E I N F O R M E S



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

### **Consello da Cultura Galega**

Cidade da Cultura : Biblioteca e Arquivo Nacional de Galicia / [Consello da Cultura Galega].  
— Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2007. — 55 p. ; 28 cm. —  
(Documentos e informes ; 3)

D.L. C-3954-2007 . — ISBN 978-84-96530-41-6

1. Cidade da Cultura de Galicia-Informes. 2. Biblioteca de Galicia-Informes. 3. Arquivo de Galicia-Informes. I. Serie: Documentos e informes.

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205  
correo@consellodacultura.org  
Web: <http://www.consellodacultura.org>

Proxecto gráfico  
e deseño de cubertas  
MANUEL JANEIRO

ISBN 978-84-96530-41-6  
Depósito legal C-3954-2007

Realización  
Lúdica7

## ÍNDICE

PRESENTACIÓN .....	7
<b>BIBLIOTECA E HEMEROTECA DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA</b>	
BIBLIOTECA .....	11
1. INTRODUCCIÓN .....	11
2. PROPOSTA .....	12
2.1. Reunir o patrimonio bibliográfico galego .....	13
2.2. Asegurar a conservación do patrimonio bibliográfico galego .....	15
2.3. Constituírse en cabeceira do sistema bibliotecario e bibliográfico galego .....	16
2.4. Asegurar dentro e fóra da Comunidade o acceso á produción bibliográfica galega .....	17
3. SUXESTIÓNS .....	18
HEMEROTECA .....	19
1. INTRODUCCIÓN .....	19
2. PROPOSTA .....	20
2.1. Consideracións previas .....	20
2.2. Prioridades .....	22
2.2.1. Fondos tanxibles e fondos dixitalizados .....	22
2.2.2. Plan de recuperación de fondos .....	25
2.2.3. Regulación de rexistros das publicacións dixitais .....	25
2.2.4. Organización do Arquivo de Medios Dixitais .....	25
2.2.5. Centro de referencia documental e virtual .....	26
3. SUXESTIÓNS .....	27
3.1. Museo vivo da comunicación .....	27
3.2. Fondo permanente e fondo expositivo temporal .....	27

## ARQUIVO NACIONAL DE GALICIA

INTRODUCCIÓN .....	31
1. CONCEPTOS BÁSICOS .....	32
2. O ARQUIVO NACIONAL DE GALICIA .....	33
2.1. Supostos previos .....	33
2.2. Definición e misión .....	33
2.3. Obxectivos estratéxicos .....	34
2.4. Localización .....	35
2.5. Edificio, instalacións, equipo .....	35
2.6. Persoal .....	36
3. O SISTEMA DE ARQUIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA .....	37
3.1. Análise e diagnóstico da situación actual .....	37
3.1.1. Normativa .....	37
3.1.2. O sistema .....	37
3.1.2.1. Centros propios e xestionados .....	38
3.1.2.2. Arquivos de interese galego .....	40
3.1.2.3. Servizos de apoio .....	41
3.1.2.4. Administración electrónica .....	41
3.2. Propostas .....	43
3.2.1. Localización dos arquivos na estrutura administrativa da Xunta de Galicia .....	43
3.2.2. Desenvolvemento competencial e normativo .....	43
3.2.3. O Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia .....	43
3.2.3.1. Nivel central .....	44
3.2.3.2. Nivel periférico .....	44
3.2.3.3. Arquivos de interese para Galicia e patrimonio documental .....	45
3.2.3.4. Servizos de apoio .....	45
3.2.3.5. Administración electrónica .....	46
CONCLUSIÓN .....	46

## BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIA

1. ÁMBITO DA BIBLIOTECA VIRTUAL DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA .....	49
2. ANÁLISE DAS COLECCIÓN DIXITALIZADAS EXISTENTES CARA Á CONSTITUCIÓN DA BIBLIOTECA VIRTUAL .....	50
3. CARA AO FUTURO .....	53
4. SUXESTIÓNS PARA LIÑAS DE TRABALLO INMEDIATAS .....	54

## PRESENTACIÓN

Presentamos nesta segunda entrega da colección Documentos e Informes os resultados do traballo realizado por dúas comisións, constituídas *ad hoc* no seo do Consello da Cultura Galega, para facer propostas concretas sobre os contidos de dous dos grandes edificios do complexo da Cidade da Cultura. O primeiro informe refírese á Biblioteca e Hemeroteca, cunha *addenda* sobre a dixitalización de fondos bibliográficos para esta, e o segundo ao Arquivo Nacional de Galicia.

Delambos os documentos foron elaborados no Consello na súa condición de institución de alto asesoramento de Galicia e a pedimento da Consellaría de Cultura e Deporte, departamento responsable da xestión da Cidade da Cultura, á que foron entregados xa no seu día, unha vez aprobados polo Plenario do Consello. Se agora se dan ao prelo é para contribuír a difundir materiais que, de forma positiva e construtiva, contribúan ao mellor deseño futuro dos contidos que definirán a Cidade da Cultura.

Por máis que a composición das comisións redactoras destes documentos é diversa, hai un sentir común nas dúas no sentido e na orientación que se lle debe dar a estes dous grandes proxectos. Dunha banda, son concibidos con todos os requisitos que deben ter as institucións culturais que se definen como «nacionais», non tanto por filiación ideolóxica senón por ánimo globalizador. Tanto a biblioteca-hemeroteca como o arquivo son considerados nestas propostas como cabeceiras dos respectivos sistemas bibliotecario, hemerográfico e arquivístico da Comunidade Autónoma. É neste sentido que se deben entender como «nacionais».

E, doutra banda, hai nestes documentos unha clara vontade de entender estes proxectos como apostas de futuro e non como simples contedores ou depositarios de materiais. Existen xa moitos arquivos e bibliotecas en Galicia que non deben ser suplantados polos que se abrirán no monte Gaiás. O que se propón é, xustamente, fixar as pedras angulares do futuro. Pódese recoller, pola vía da dixitalización ou por outros medios, patrimonio pasado, pero o relevante é comezar desde agora e para o futuro cuns criterios claros sobre como tratar a vasta información e documentación que actualmente e no futuro se vai producir. Poucas veces se lle presenta a unha Cultura a oportunidade de sentar a *fundamentis* as bases da súa actuación futura. Co proxecto da Cidade da Cultura e no que se refire ao patrimonio bibliográfico, hemerográfico e documental, esta posibilidade está aberta e deberá ser aproveitada.

Os contidos destes documentos poden parecer dabondo breves e, por tanto, pouco precisos. Coido, pola contra, que se trata dunha opción deliberada. Non se quere definir polo miúdo o que han de ser estas grandes institucións culturais, senón contribuír a fixar as súas grandes liñas. O desenvolvemento futuro destas ideas será a tarefa que deberán desempeñar os responsables directos, directivos e técnicos, cando se produza a posta en marcha destas seccións da Cidade da Cultura. Nesa segunda fase do traballo, se fose requirido, o Consello da Cultura Galega tamén poderá contribuír co seu parecer.

Por máis que o deixase para o remate, debo recoñecer de forma explícita o rápido e eficaz traballo que fixeron as diferentes comisións á hora de emitir estes informes, que foron culminados en marzo de 2006 no caso da Biblioteca-Hemeroteca e en xullo do mesmo ano no caso do Arquivo. Só a parte máis «aplicada» da proposta de dixitalización de fondos se fixo durante este ano 2007. E este traballo das comisións non sería posible sen o labor que, en forma de relatorio de base, fixeron Concepción Varela Orol, Xosé López e María Carmen Pérez Pais no caso da Biblioteca e da Hemeroteca, así como de Pedro López no caso do Arquivo. A estes catro relatores e ao resto dos integrantes das comisións, que no seu lugar se mencionan expresamente, quero manifestarlles o meu agradecemento institucional e, por suposto, tamén persoal.

*Ramón Villares*  
Presidente do Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela, outubro de 2007

# BIBLIOTECA E HEMEROTECA DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA\*

\* Este informe baséase nun documento presentado por Xosé López, María Carmen Pérez Pais e Concepción Varela Orol para o Consello da Cultura Galega e foi debatido e reelaborado pola Comisión especial nomeada para o efecto, composta por: Manuel C. Díaz y Díaz, Francisco Fariña Busto, Xosé López, Iago Seara, Henrique Monteagudo, María Carmen Pérez Pais, Concepción Varela Orol, Ramón Villares e Alfonso Zulueta de Haz. Aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 16-III-2006.





# BIBLIOTECA

## 1. INTRODUCCIÓN

As bibliotecas nacionais son institucións de longa tradición, algunhas nacen no século XVIII. Non existe un modelo único de biblioteca nacional, debido ás diferentes datas de creación e aos condicionantes de carácter histórico, político, económico e cultural de cada unha delas. Secomasí, ao longo do tempo chegouse a unha coincidencia no que atinxe aos obxectivos, funcións e servizos, polo menos nos aspectos básicos e esenciais; así, por exemplo, formación da colección, conservación ou actuación como centro bibliográfico nacional. A existencia de asociacións nacionais e internacionais (International Federation of Library Associations and Institutions, IFLA), ademais doutros organismos (UNESCO) e iniciativas, incidiu nese camiño de aproximación.

Pero as bibliotecas nacionais non son institucións estáticas, ademais das funcións xa asumidas nas centurias precedentes, no século XXI en particular apréciase un progresivo dinamismo, tanto cara á utilización das novas tecnoloxías en tarefas, por caso, de conservación ou de normalización, como cara a unha maior presenza na sociedade. A lectura dos plans estratéxicos e a análise dos documentos e páxinas web das principais bibliotecas nacionais do mundo indican que estas, desde unha perspectiva de servizo público e de contribución ao desenvolvemento científico-cultural de cadanseu país, e contando coas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), buscan: facilitar o acceso aos fondos a todo tipo de público e a toda a comunidade internacional, incrementar e diversificar os seus servizos (información, normalización, formación, etc.), achegarse a sectores amplos da poboación (investigadores, profesores, estudantes, empresarios, profesionais, público en xeral), etc.

En España, onde existe a Biblioteca Nacional desde 1712 (como Biblioteca Real), a configuración do Estado das Autonomías marcou unha nova etapa. As distintas comunidades autónomas foron asumindo competencias en materia de bibliotecas, redactando leis e establecendo o seu propio sistema bibliotecario. A Biblioteca Nacional de España é organismo autónomo desde o Real decreto 1581/1991, do 31 de outubro, e nos seus estatutos defínese como a institución bibliotecaria superior do Estado e cabeceira do Sistema Español de Bibliotecas.

En Galicia, a Lei 14/1989, de Bibliotecas creou o Centro Superior Bibliográfico de Galicia. As súas funcións están reguladas no artigo 8 da dita Lei e no Decreto 24/1995, que sería incluído no Decreto 41/2001, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.

O proxecto da Cidade da Cultura promovido nos últimos anos inclúe un edificio para Biblioteca e outro para Hemeroteca, sen ningún tipo de planificación previa. Para abordar o futuro dos ditos edificios elaboráronse distintos informes (por parte do Servizo do Libro, Bibliotecas e Centro Superior Bibliográfico de Galicia e de consultorías externas) e, ao tempo, a Consellaría de Cultura promoveu a redacción dun borrador para unha nova proposta da Lei de bibliotecas, que puidera recoller a existencia da Biblioteca e Hemeroteca previstas na Cidade da Cultura. Este proceso quedou interrompido polas eleccións autonómicas de 2005 e o conseguinte cambio de goberno.

A proposta de Biblioteca de Galicia presentada neste informe entende que hai que mirar cara ao futuro, pero marcando unhas prioridades na consecución dos obxectivos, nas funcións e nos servizos que de forma máis inmediata hai que acometer. Así mesmo, reflicte unha especial preocupación por: a) consolidar a Biblioteca como cabeceira do sistema bibliotecario galego; b) utilizar as novas tecnoloxías para achegar os diferentes servizos a toda a poboación; c) establecer políticas de coordinación e acordos entre diferentes organismos e institucións implicados na recuperación, conservación e difusión do patrimonio bibliográfico e hemerográfico, buscando a complementariedade máis que a competencia, e redefinindo as funcións respectivas segundo aconsellen os resultados e os recursos dispoñibles.

Doutra banda, a Biblioteca de Galicia debe engonzarse no conxunto do proxecto da Cidade da Cultura, de maneira que se este viñese definido por determinadas ideas-forza (Europa e o Camiño, Galicia como faro atlántico, porta cara a América...), obviamente estas nocións deberan concretarse tamén na definición dos criterios de constitución do fondo da Biblioteca (posibles especializacións temáticas) e eventualmente dos seus servizos, usuarios, etc.

Ademais cómpre pensar na colaboración da Biblioteca-Hemeroteca con outras institucións (universidades, arquivos, museos, etc.) para sacar adiante proxectos vencellados coa formación, investigación e elaboración de recursos de información.

Por último, ha de terse en conta que o desenvolvemento da Biblioteca e da Hemeroteca de Galicia precisan unha nova Lei de bibliotecas e unha revisión da normativa do Depósito legal, urxente tendo en conta a evolución da edición dixital; sen esquecer os cambios da normativa en patrimonio e propiedade intelectual.

## 2. PROPOSTA

Antes de esbozar obxectivos e liñas de traballo da futura biblioteca de Galicia cómpre pensar a súa articulación no conxunto do sistema bibliotecario galego. Tal articulación, as súas funcións e obxectivos deberan introducirse na futura Lei de bibliotecas de Galicia.

Parece razoable que os fortes investimentos comprometidos na Cidade da Cultura teñan, cando menos, un alcance para o conxunto do país. Dada a actual desarticulación do sistema bibliotecario galego (por carencia dun modelo minimamente desenvolvido) e á vista do mapa bibliotecario que se está a desenvolver na cidade de Santiago, a biblioteca da Cidade da Cultura debe constituírse como biblioteca nacional galega. Isto é, non só como unha biblioteca ao servizo do conxunto dos cidadáns do país, senón como cabeceira do sistema bibliotecario (en si bastante feble na actualidade), contribuíndo á súa consolidación e cohesión. Pero ademais destas funcións, tal biblioteca debería xogar un papel como recurso nacional galego a nivel estatal e internacional, constituíndo unha pasarela cara ao conxunto do patrimonio bibliográfico da Comunidade. Sobre estas funcións imos presentar neste borrador o que nos parecen os máis importantes obxectivos e programas da futura biblioteca nacional, articulados en catro grandes eixes estratéxicos:

- Reunir o patrimonio bibliográfico galego.
  - Asegurar a conservación do patrimonio bibliográfico galego.
  - Constituírse en cabeceira do sistema bibliotecario e bibliográfico galego.
  - Asegurar dentro e fóra da Comunidade o acceso á produción bibliográfica galega.
- A seguir imos analizar cada un destes obxectivos.

## 2.1. REUNIR O PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO GALEGO

Previamente é preciso definir con exactitude que se entende por patrimonio bibliográfico galego, e especialmente que tipo de documentos o constitúen, tendo en conta que existen outros centros con competencias na materia, cos que se debe coordinar e evitar problemas de compatibilidade. *Entendemos por tal o expresado en lingua galega, o producido en Galicia en calquera lingua, o producido por autores galegos ou o producido en calquera lugar do mundo sobre temática galega.*

Na situación actual unha gran parte deste patrimonio encóntrase nas bibliotecas xa existentes en Galicia<sup>1</sup>, e antes de proceder a custosas duplicacións deste, a biblioteca nacional debería priorizar áreas determinadas que deben constituír a cerna das súas coleccións a curto prazo. Entre tales áreas estarían as seguintes:

A.- *Construír unha colección do patrimonio bibliográfico en calquera soporte desde o nacemento da autonomía, a través das coleccións procedentes do Depósito legal (hoxe en parte na Universidade de Santiago, en parte no Centro Superior Bibliográfico), completando mínimas partes da produción editorial que puideran estar excluídas destas coleccións (ben por seren editadas fóra de Galicia, ben por non teren cumprido a lexislación ao respecto).*

1. Aínda que con frecuencia adoita sinalarse que a Biblioteca Xeral da Universidade reúne unha colección máis ou menos exhaustiva da produción bibliográfica galega, isto non é moi exacto, xa que algúns tipos de publicacións son excluídas dela, de forma principal a literatura infantil e xuvenil.

B.- Pero dado que partimos da meta de que tal colección presta servizos ao conxunto da cidadanía e que por Depósito legal na actualidade só se adquire un exemplar de cada título editado en Galicia, a biblioteca nacional debería *adquirir unha segunda colección da produción bibliográfica galega na etapa autonómica* coa finalidade de dar apoio ao sistema bibliotecario galego (consulta, préstamo interbibliotecario, etc.).

C.- *Construír unha colección que atenda primordialmente á recuperación do patrimonio bibliográfico galego fóra do sistema bibliotecario de Galicia*, ou existente exclusivamente en mans privadas, ben sexa baixo a forma de adquisición ou transferencia de soporte, sen excluír o cambio de soporte no caso de adquisicións en papel.

D.- *Construír unha biblioteca galega virtual*, facilitando a consulta e asegurando a presenza da cultura galega en internet a través da recuperación polos motores de busca:

- *Construír unha colección de documentos galegos publicados en soporte dixital*, sexa este en soporte tanxible ou internet. A problemática inherente a estes novos soportes informativos, tanto no referido á súa durabilidade, especialmente nos soportes magnéticos e softwares, como no seu control, especialmente no caso de internet, está sendo na actualidade obxecto de traballo por parte das bibliotecas nacionais dos países máis desenvolvidos. A modificación do Decreto de depósito legal é urxente neste sentido. Esta liña de acción anterior permitiría salvagardar os materiais creados nos novos soportes, pero tamén os fondos a eles transferidos, ampliando de forma considerable co conxunto de realizacións levadas adiante por outras institucións (Biblioteca Virtual Galega, Proxectos do CCG, etc.), previos acordos cos creadores, os fondos dixitalizados dispoñibles.
- *Construír un depósito institucional* de acordo cos principios do movemento de acceso libre ao coñecemento que dea presenza á produción bibliográfica galega en internet (RACO-‘Revistas Catalanas en Acceso Aberto’ sería un exemplo).
- *Desenvolver un plan cooperativo coas restantes bibliotecas galegas con coleccións patrimoniais para a dixitalización de fondos*, atendendo especialmente ás intervencións de conservación e restauración do patrimonio contempladas no obxectivo 2.
- *Construír unha colección selectiva de bibliografía internacional* que permita entender mellor a sociedade, ciencia e cultura de Galicia, na medida da súa influencia sobre o noso país.
- *Construír unha colección representativa da produción lusófona*, da que non existen apenas coleccións nas bibliotecas galegas, co obxectivo de constituír a medio prazo un centro de referencia.
- *Construír unha colección de bibliografía representativa e de referencia da cultura universal*, con especial incidencia en áreas non cubertas ou deficitarias nas restantes bibliotecas do sistema.

Consideramos que as devanditas serían as liñas prioritarias para cumprir o primeiro obxectivo, sen descartar o estudo doutras, como serían as seguintes:

- Transferencias negociadas doutras bibliotecas da Comunidade de fondos duplicados ou outros fondos galegos cuxa retención puidera non ter interese para a institución posuidora.
- Adquisición de fondos galegos no mercado do libro antigo e de ocasión.
- Políticas de estímulo ás doazóns de fondos galegos e bibliotecas particulares, tomando como modelo as grandes achegas ingresadas nos últimos anos no Museo do Pobo Galego.
- Canto á compra de bibliotecas particulares, debe ser fortemente selectiva, xa que adoitan proporcionar ás bibliotecas gran número de duplicados dificilmente xestionables. Tales adquisicións só serían xustificadas pola importancia do propietario dentro da cultura galega. Neste último caso, deberían ser incluídas dentro dos fondos da biblioteca nacional como coleccións especiais e illadas dos restantes fondos.

## 2.2. ASEGURAR A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO GALEGO

Este obxectivo implica a creación dunha colección oficial para a posteridade, para o que se poñerán en marcha todas as medidas necesarias para conseguilo, o que comportará a existencia dunha colección cuxa consulta é restrinxida e as condicións de control son as máximas posibles.

Para cumprir este obxectivo, a biblioteca nacional debería levar adiante políticas e programas como os seguintes:

A.- *Actuar preventivamente sobre as condicións de conservación da colección procedente do Depósito legal*, completada como sinalamos no obxectivo 1 (adquisición de fondos non existentes en bibliotecas galegas e fondos editados fóra de Galicia no período autonómico, fondos ou bibliotecas doados ou mercados). Dando por suposto que tal colección estará instalada nas mellores condicións atmosféricas e de seguranza, as principais intervencións deben dirixirse a facer fronte á desacidificación dos materiais, posto que a dixitalización non supón fundamentalmente actuar sobre a conservación, senón sobre a dispoñibilidade e facilidade de consulta.

B.- Na actualidade a conservación do patrimonio bibliográfico galego na súa totalidade só pode asegurarse mediante unha colección distribuída, apoiándose en fondos dispersos nas distintas bibliotecas do país. Isto supón a posta en marcha por parte da biblioteca nacional dun *programa cooperativo a nivel galego* que asegure a conservación do devandito patrimonio en cada unha das bibliotecas en que se encontre. O devandito programa debería:

- 1) Asegurar a *restauración*, cando sexa precisa, polo menos dun dos exemplares patrimoniais nunha das bibliotecas do sistema bibliotecario galego.
- 2) Microfilmear, dixitalizar e *realizar copias* en papel dos exemplares restaurados dirixidos á consulta, restrinxindo a manipulación dos orixinais.
- 3) Asegurar as mellores condicións de almacenamento para os orixinais nas bibliotecas propietarias. En caso de que tales condicións non poidan ser aseguradas, a biblioteca

nacional debería actuar como depósito dos orixinais, deixando copias na biblioteca propietaria.

- 4) Velar pola *conservación e difusión* do patrimonio bibliográfico existente en Galicia, que, amais dos fondos tratados nos puntos anteriores, comprende os *fondos con valores históricos ou culturais relevantes*, de acordo co sinalado na Lei de patrimonio de Galicia. Neste sentido as bibliotecas públicas, a biblioteca universitaria de Santiago, principais herdeiras dos fondos desamortizados, e outras institucións (Fundación Penzol, Museo de Pontevedra, etc.) deben contar co *apoiado técnico e económico* da biblioteca nacional.
- 5) Proporcionar *formación e directrices ao conxunto do sistema bibliotecario sobre prevención, conservación e restauración* de fondos bibliotecarios, con obxecto de garantir a salvagarda do patrimonio. Cumpriría valorar a creación no seo da biblioteca dun servizo nacional de restauración, microfilmación e dixitalización.

### 2.3. CONSTITUÍRSE EN CABECEIRA DO SISTEMA BIBLIOTECARIO E BIBLIOGRÁFICO GALEGO

Nesta liña, os programas que haberían de desenvolverse son múltiples para que o sistema bibliotecario galego poida funcionar como tal cara ás propias bibliotecas que o constitúen, cara ao sistema bibliotecario exterior e cara a outros sectores relacionados (editoriais, librarías,...). Neste sentido, son tamén precisas modificacións na actual Lei de bibliotecas de Galicia, integrando dentro da biblioteca nacional o actual *Centro Superior Bibliográfico*, polo menos no referido ás súas funcións bibliográficas (bibliografía de Galicia, catálogo de patrimonio, catálogo colectivo de bibliotecas públicas, etc.), e completando as súas actuacións con programas como os seguintes:

- A) *Creación do catálogo único galego*, un catálogo colectivo de todas as bibliotecas do sistema, que debería arrequestrar considerablemente os actualmente existentes nas bibliotecas do país, engadindo acceso a publicacións electrónicas, consulta de índices dixitalizados de fondos impresos, etc. A creación de tal catálogo supón o establecemento de niveis, formatos e pautas de catalogación para todas as bibliotecas do sistema, tal e como se recolle na Lei de bibliotecas de Cataluña, e especialmente dunha *linguaxe normalizada de recuperación por materias en galego e fixación de formas normalizadas* para os nomes de «autoridades» (autores galegos, institucións e topónimos).
- B) Relacionado co punto anterior estaría o *establecemento dun programa de Catalogación en publicación*, que permitirá aos editores dispoñer do rexistro bibliográfico para incluír nas edicións e dunha certa publicidade previa á saída do prelo mediante a creación dun *Servizo de novas bibliográficas*. Ao tempo, as bibliotecas e as librarías disporán dos rexistros bibliográficos xa no momento de cursar as súas demandas de novas adquisicións.
- C) *Determinar pautas, directrices e normas de dixitalización de fondos e creación de arquivos de acceso libre*, coa finalidade de asegurar as mellores condicións de consulta e posibles

futuras migracións da información dixital, conforme as experiencias internacionais ao respecto.

- D) *Constituírse en biblioteca «recurso nacional»* para a obtención de fondos galegos en empréstito interbibliotecario para as bibliotecas galegas e para a comunidade internacional, asegurando coa maior exhaustividade posible a disposición universal de publicacións. Pero, ademais, ser un recurso nacional implica dirixir unha *política de adquisicións e retención a nivel galego* que permita cubrir as necesidades de información da poboación de Galicia a través do sistema bibliotecario da Comunidade.
- E) *Organizar programas de formación e apoio nos campos do libro e nas novas tecnoloxías*, participando e potenciando os existentes, como internet nas bibliotecas, vilas dixitais, etc., realizando cooperativamente exposicións, publicacións e outras actividades relacionadas coa información, itinerantes e/ou virtuais, que potencien a cultura e a presenza da biblioteca nacional no conxunto do país; desenvolvendo así o valor simbólico que é característico das bibliotecas nacionais.
- F) *Establecer programas de contribución das bibliotecas á conservación do patrimonio*, mediante sistemas cooperativos distribuídos, como localización de coleccións patrimoniais, control de edición local, etc., programas que as bibliotecas municipais están na mellor posición de desenvolver nalgúns áreas (control e conservación de producións municipais, locais, etc.).
- G) Ofrecerse como una *pasarela de acceso* a todo tipo de bibliotecas galegas.
- H) Participar en *redes e plataformas de ámbito estatal e internacional*.
- I) *Establecer programas e organizar cursos e outras actividades de formación e investigación* no ámbito da biblioteconomía, documentación, arquivística, etc. As tres universidades de Galicia poderían buscar fórmulas con vistas a artellar unha escola ou outro tipo de centro de estudos regrados para a formación e a investigación no eido do patrimonio e da xestión cultural (bibliotecas, museos, arquivos, etc.).

#### 2.4. ASEGURAR DENTRO E FÓRA DA COMUNIDADE O ACCESO Á PRODUCCIÓN BIBLIOGRÁFICA GALEGA

A que poboación debe prestar apoio unha biblioteca nacional é cuestión discutida desde hai moitos anos dentro da comunidade bibliotecaria. En liñas xerais, podemos dicir que os servizos directos a todo tipo de usuarios só son ofrecidos nos países desenvolvidos, mentres as bibliotecas nacionais tradicionais só prestan servizos ao conxunto da comunidade a través doutros tipos de bibliotecas (universitarias, públicas, municipais, itinerantes, etc.). No entanto, o desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación permite hoxe realizar directamente servizos, polo menos unha parte considerable deles, ao conxunto dos cidadáns.

Neste sentido, na nosa opinión, a Biblioteca Nacional de Galicia debería ofrecer:

A) Ao conxunto dos *cidadáns e cidadás*:

1. *Servizos característicos dun «recurso nacional»*: consulta directa cando non sexa posible acceder aos fondos noutro tipo de bibliotecas, préstamo interbibliotecario, exposicións itinerantes, etc.
2. *Servizos de biblioteca dixital*. Neste aspecto, a organización de recursos ofertada pola Biblioteca Nacional de Lisboa seméllanos modélica.

B) Aos *investigadores e investigadoras*: servizos directos de consulta, reprodución, etc.

C) Ás bibliotecas:

1. Coordinación de adquisicións, plans de conservación do patrimonio, etc.
2. Liderado: pautas, directrices, fixación de termos de materias en galego, etc.
3. Servizos bibliográficos: catálogos colectivos, catalogación en publicación, etc.

D) Á Administración, participando nos consellos asesores en relación coa súa temática e actuando como asesora cando se lle solicite.

### 3. SUXESTIÓNS

- Organización dunha exposición sobre a imprenta e o libro.
- Asegurar o encaixe da Biblioteca no proxecto global da Cidade da Cultura.
- Preparación dos equipos que deban ir asumindo os traballos.



# HEMEROTECA

## 1. INTRODUCCIÓN

Os aspectos expostos na introdución do apartado dedicado á Biblioteca de Galicia son absolutamente aplicables á Hemeroteca de Galicia. A Hemeroteca constitúe unha sección ou departamento fundamental nunha biblioteca nacional; as publicacións periódicas conforman unha colección considerada de interese especial, igual que outras coleccións (audiovisuais, documentos gráficos, etc.). Na Hemeroteca ou departamento de publicacións periódicas, as tarefas de recuperación, conservación, dixitalización, tratamento e difusión teñen –ou deberan ter– un gran peso, tanto pola cantidade da documentación canto polo interese desta. Unha das fontes históricas máis empregadas por investigadores de distintos ámbitos de coñecemento (historia, socioloxía, literatura, economía, etc.) é a prensa. As primeiras manifestacións de comunicación (avisos, relacións, etc.), como diarios, periódicos, revistas, boletíns, memorias e anuarios, fornecen datos, noticias ou opinións que permiten o estudo dunha sociedade desde distintas perspectivas e ao longo do tempo.

Por iso tamén neste caso é de especial relevancia o control do cumprimento da normativa do Depósito legal relativa á entrega de todo tipo de publicación periódica e de todos os exemplares e edicións de cada un dos títulos (por exemplo, *La Voz de Galicia*); sen esquecer a necesaria actualización da normativa do Depósito legal relativa á edición dixital das publicacións impresas e das publicacións editadas exclusivamente en formato dixital.

O proxecto da Cidade da Cultura inclúe, como xa se mencionou, dous edificios independentes: un para Biblioteca e outro para Hemeroteca. De feito, os dous edificios estaban absolutamente illados un do outro, pero finalmente foi modificado o proxecto construtivo co fin de introducir algunha comunicación entre ambos os dous. Esa concepción física non debería interferir na articulación das funcións e servizos da Biblioteca-Hemeroteca.

A identificación e a consulta da prensa galega, espallada por diferentes bibliotecas, públicas e privadas, dentro e fóra de Galicia, foi desde hai moitos anos un motivo de preocupación para distintos sectores: investigadores, docentes, bibliotecarios, profesionais dos medios de comunicación, etc. Esa dispersión e as lagoas de moitas coleccións dificultaron considerablemente ata hoxe a consulta destas.

Nese sentido, a proposta de Hemeroteca incide na perspectiva de crear unha base documental coas referencias e cos fondos dos medios de comunicación galegos e na dispoñibilidade destes medios nunha hemeroteca virtual.

En relación con este último aspecto, cómpre ter en conta que na actualidade os obxectos dixitais forman parte do patrimonio cultural. A Unión Europea, a Unesco e a IFLA elaboraron directrices e pautas en relación co patrimonio dixital.

A Biblioteca–Hemeroteca de Galicia debería asumir o deseño duns criterios necesariamente selectivos para a recompilación e conservación do patrimonio dixital. A importancia e o volume deste patrimonio aconsellan establecer acordos con outras institucións para poder asumir esta tarefa e aplicar sempre unhas directrices comúns, establecidas por expertos, contemplando parámetros internacionais.

## 2. PROPOSTA

### 2.1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Entendemos que a Hemeroteca debe conservar os medios, preferentemente galegos, no soporte que foron editados –*hemeroteca tradicional*–, pero ofrecerá a posibilidade de consulta e recuperación deses mesmos fondos dixitalizados –*hemeroteca virtual*– e poñerá a disposición dos usuarios unha *base documental* con datos de todos os fondos de medios de comunicación existentes en centros públicos e privados de Galicia. Nese sentido, deberá ser o centro de referencia de documentación de fondos de comunicación.

O proxecto deberá contar con cinco piares básicos:

#### 1. Primeiro piar: *Unha concepción dinámica*

Terá unha concepción dinámica dos fondos hemerográficos, é dicir, poñerá en valor e situaralos no seu contexto político, social, económico e cultural. A súa existencia implicará a contribución ao desenvolvemento de políticas proactivas e participativas.

#### 2. Segundo piar: *Acceso universal, divulgación e investigación*

Garantirá o acceso universal aos contidos dos seus fondos –medios de comunicación, prioritariamente– e aos fondos externos de que dispoña en cada momento para consulta e acceso público. Promoverá a divulgación dos fondos e facilitará a investigación.

#### 3. Terceiro piar: *Centro de referencia hemerográfica en Galicia*

Actuará como referente no ámbito das hemerotecas de centros existentes en Galicia para propiciar sinerxías e todo tipo de iniciativas conxuntas. A partir desa política xeral, desenvolverá iniciativas con entidades de distintos ámbitos xeográficos para ofrecer servizos mundiais ou multilocais.

#### 4. Cuarto pilar: Difusión de información hemerográfica

Difundirá información periódica sobre novidades hemerográficas, sobre resultados de investigacións neste campo e sobre as súas actividades. A súa política informativa será proactiva.

#### 5. Quinto pilar: Oferta de servizos

Ofrecerá todo tipo de servizos no campo das hemerotecas e mediatecas, no contexto das tendencias neste ámbito no século XXI.

### Obxectivos

A futura Hemeroteca debería responder aos seguintes obxectivos ou ás funcións que coincidan con aquelas sinaladas no estatuto da Biblioteca Nacional de España, aprobado por R.D. 1581/1991, do 31 de outubro, referidas ao campo hemerográfico.

- 1) Reunir, catalogar e conservar os fondos hemerográficos en calquera soporte producidos en Galicia ou fóra de Galicia centrados no seu ámbito de interese, independentemente da lingua utilizada. Estes fondos ficarán ao servizo da investigación, da cultura e da información.
- 2) Fomentar a investigación mediante o estudo e reprodución do seu fondo hemerográfico.
- 3) Difundir a información sobre a produción hemerográfica galega.

### Colección

A Hemeroteca de Galicia deberá contar con coleccións de fondos propios pero, tamén, con fondos dixitalizados doutras coleccións.

### Servizos

A Hemeroteca facilitará o acceso aos seus fondos mediante os seguintes servizos:

- *Orientación e información xeral* sobre a institución e sobre outras bibliotecas ou hemerotecas con fondos hemerográficos e audiovisuais de interese para Galicia. Actuará como centro de referencia para o ámbito galego, estatal e internacional.
- *Información sobre a súa colección* e a doutras bibliotecas ou hemerotecas.
- *Consulta na sala* dos seus fondos.
- *Reprodución* dos seus fondos.
- *Oferta hemerográfica dixitalizada*. A Hemeroteca ofrecerá a posibilidade de consultar fondos de prensa dixitalizada de coleccións propias ou alleas e, asemade, fondos históricos de medios dixitais galegos.

Segundo os obxectivos e servizos mencionados, a Hemeroteca debería optar por unha natureza de dobre vertente:

- Centro de referencia de documentación.
- Referencia virtual en canto á disposición dixital de fondos.

## Finalidade

No que atinxe á súa finalidade deberíanse priorizar os seguintes aspectos:

1. *Divulgativa*. Divulgación entre o público xeralista, galego e visitante, con especial atención a grupos escolares, do material bibliográfico e hemerográfico de Galicia. Elaboración de dosieres, de difusión impresa e na rede de temas da historia de Galicia ou de temas de actualidade de interese para Galicia, utilizando o material hemerográfico e outra documentación na Biblioteca-Hemeroteca de Galicia.
2. *Acceso universal á cultura e á información*. Cumprindo con estes principios, a Biblioteca-Hemeroteca e o Museo da Comunicación deberán garantir o acceso gratuíto e universal de fondos galegos e daqueles relacionados con Galicia. A dixitalización e posta en rede dos documentos facilitará o acceso da cidadanía á información e á cultura.
3. *Investigación*. Os fondos da Hemeroteca deberán facilitar o acceso e o traballo aos investigadores e investigadoras. Isto propiciará que se incremente o número de investigacións realizadas en Galicia pola dispoñibilidade do material, ata o de agora tan espaxado polas distintas entidades públicas e privadas, o que implica desprazamentos a diferentes localidades e o gasto económico correspondente.

## 2.2. PRIORIDADES

### 2.2.1. Fondos tanxibles e fondos dixitalizados

Os depósitos da Hemeroteca poderían albergar fondos xa existentes en Galicia, previo o necesario acordo coas institucións aquecentes e a creación do arquivo da Administración, entre outros. Así, os fondos do Arquivo de Comunicación do Consello da Cultura Galega resultan de interese para a súa posta a disposición do público xa que nos últimos anos procedeuse ao almacenamento e rexistro de todas as publicacións de proximidade editadas en Galicia.

- *Fondos impresos*. Ademais dos fondos ingresados por Depósito legal, doazón e fondos xa mercados, cómpre acometer a adquisición de fondos. Tal e como manifestan investigadores e expertos no aspecto documental, existen aínda moitos fondos hemerográficos galegos en mans privadas en serio perigo de destrución. Un labor importante sería a localización destes fondos e o establecemento tanto de ofertas como de convenios de

colaboración con entidades para a adquisición ou disposición dese material e, por suposto, a compra de material a persoas privadas.

- *A dixitalización de fondos.* A Hemeroteca de Galicia, que será creada xa no século XXI, deberá superar o patente minifundismo cultural. A dispersión dos fondos ten varias consecuencias: nalgúns casos, o descoñecemento do patrimonio bibliográfico e documental, lagoas nos instrumentos de información bibliográfica en relación con títulos, exemplares, etc. e dificultade no acceso á consulta. Estas circunstancias disuaden o investigador que quere realizar traballos que en moitas ocasións son arduos polas trabas dos propios centros para ceder os seus fondos máis prezados para a consulta na propia sede. Xa non digamos a súa reprodución, mesmo dixital. Como consecuencia, moitos centros públicos e privados exercen unha política de control no uso dos documentos que non vén orixinalda só por garantir a conservación do material (o cal sería lóxico e desexable) senón para o propio control do uso que se faga desa documentación. Estes atrancos e o investimento en tempo e esforzo por desprazarse aos diferentes centros provoca que moitos investigadores novos que poderían estar traballando sobre cuestións relativas á prensa histórica, por poñer un exemplo, opten por outras materias de máis fácil investigación.

O acceso doado ao material documental traería como consecuencia un incremento nas investigacións sobre a nosa memoria histórica, onde aínda existen grandes lagoas. Por estas razóns e para evitar sacar moitos exemplares únicos dos diferentes centros sería necesario continuar co labor acometido polo Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG) para a dixitalización e posta a disposición universal na rede do noso patrimonio documental, particularmente o hemerográfico. Tal e como se citará no plan de recuperación de fondos, as prioridades na dixitalización deberan contemplar o valor histórico e documental dos medios, o mal estado de conservación dos fondos e aqueles medios non existentes noutros centros do país. Ademais, cómpre atender especialmente a cuestións clave neste proceso como son:

- *A compatibilidade* dos sistemas empregados por diferentes centros na dixitalización. A Real Academia Galega, por citar un exemplo, está a empregar un sistema diferente ao do CSBG. Sería desexable que fosen compatibles e que os dous presentasen as mesmas vantaxes para o usuario.
- *A accesibilidade* desde calquera punto. Cómpre minimizar os tempos de descarga e peso do material para facilitar que calquera persoa desde calquera lugar –mesmo desde a súa casa– poida traballar con este material sen longas esperas. Na Biblioteca-Hemeroteca debería haber equipos para investigadores con maior capacidade para facilitar as consultas.
- Deberase facilitar a *copia* en soporte electrónico (CD, DVD, etc.) por colección ou cabeceira, para que o usuario poida descargar o material na súa casa sen necesidade de baixar cada día o material de internet.
- Facilitar a *impresión* do material para facer máis doada a consulta.

- Sería interesante non só proceder á dixitalización dos fondos existentes en Galicia senón establecer un *convenio con outros fondos documentais de referencia* (por exemplo, a Hemeroteca Municipal de Madrid) onde se atopen fondos históricos galegos, para garantir a presenza en Galicia de material e evitar o desprazamento e compra de material dos investigadores e usuarios. Neste sentido, e tal e como se indicará, débese priorizar a recuperación e dixitalización dos fondos inexistentes en Galicia e aqueles con alto risco de deterioración.
- O material conservado en *microficha e microfilm* debería ser tamén pasado a formato dixital para evitar a súa deterioración.
- O establecemento de *sinerxías* entre organismos que, aínda dotados de fondos públicos, están a acometer proxectos moi semellantes, co que se duplica tempo e esforzo. Exemplo disto é o catálogo de autores galegos do CSBG (<http://www.autoresgalegos.org/>), no que aparecen moi poucos autores (supoñemos que está en construción aínda) pero que debería conectarse coa páxina da Biblioteca Virtual Galega (<http://bvg.udc.es>) da Universidade da Coruña para ofrecer ao utente un centro de información rico e completo e non varios coas eivas evidentes provocadas pola falta de suficientes recursos para afrontar proxectos tan ambiciosos.

Ademais da presenza na Hemeroteca de fondos impresos e dixitalizados a partir da prensa escrita, non podemos esquecer o importante papel tanto dos medios audiovisuais como de internet. Canto *aos medios audiovisuais*, os vinte anos da CRTVG e as tres décadas de TVE-G –ambos os dous entes públicos– botan luz e milleiros de imaxes tanto de acontecementos como de persoas da historia recente de Galicia. Sería importante dotar a Cidade da Cultura destes fondos catalogados. A instalación de ordenadores para as buscas e monitores e puntos de escoita permitirían o visionado e audición de material que logo se podería adquirir en formato CD. Isto permitiría un ingreso que amortizase a copia e o traballo realizado polos documentalistas.

Neste sentido tería verdadeira utilidade o traballo que están a realizar os bolseiros do Consello da Cultura Galega no Arquivo de TVE-G, co que se podería establecer un convenio de posta a disposición pública de material. Todas as imaxes irían co logo da respectiva compañía para evitar usos fraudulentos. Evidentemente, e tendo en conta os custos, se cadra non é conveniente optar a todos os fondos senón a unha importante escolma. No caso da Radio Galega e de Radio Nacional podería optarse pola mesma fórmula. No caso das radios privadas, habería que establecer convenios para poder optar ao material. Este material audiovisual sería especialmente interesante non só como fondo documental senón tamén para que investigadores ou persoas interesadas nun tema concreto poidan acceder a fondos audiovisuais históricos. Particularmente interesante podería ser o acceso a fondos históricos de televisión e radio como por exemplo o «Sempre en Galicia» de Montevideo ou o «Galician Programme» da BBC en Londres. O establecemento de convenios con institucións públicas e privadas será crucial para a viabilidade deste apartado.

### 2.2.2. Plan de recuperación de fondos

Tal e como mencionamos, a construción dun fondo permanente é inescusable e debéra facerse priorizando os contidos con máis risco de perda ou deturpación para acometer, segundo o esforzo orzamentario e humano, a adquisición de fondos e o establecemento de convenios con quen houber lugar. Para iso é necesario que un equipo de expertos que levan traballando durante anos con prensa histórica en Galicia e de fóra de Galicia elaboren un plan de recuperación de fondos no que se priorice a recuperación de material de publicacións galegas, locais e históricas de fóra con produción de autores galegos..., é dicir, os mesmos criterios establecidos para a adquisición de fondos para a Biblioteca (apartado 2.1 da sección 'Biblioteca'). Isto incluírá, evidentemente, todos os fondos da emigración xa que, se ben moitos deles se atopan xa recuperados por medio de dixitalización na Consellaría de Educación, Instituto Ramón Piñeiro e Arquivo da Emigración Galega, cómpre recuperar os que aínda se atopan dispersos por América.

Neste sentido é imprescindible establecermos un *plan de recuperación de fondos* que xerarquice as prioridades na adquisición de material, ben por importancia histórica, ben por grao de perigo de perda, ben por carencia en Galicia ou existencia de oportunidades de compra de publicacións galegas e locais preferentemente. Non se debe desbotar a recuperación de material que, aínda creado fóra, conta coa participación de escritores e xornalistas galegos. Este plan de recuperación debe responder ao asesoramento de expertos en localización e compra de bibliografía xa que, como se ten constatado, o aumento da expectativa de demanda de material polo proxecto da Cidade da Cultura elevou o custo económico dalgún material ofertado. Fronte á oferta dos profesionais da compra-venda de material antigo, o plan de recuperación debería ser capaz de acceder estratexicamente a propietarios de fondos antes de que o fagan os intermediarios, co conseguinte e desorbitado incremento de custo que isto implica.

### 2.2.3. Regulación de rexistros das publicacións dixitais

Tal e como se enunciará no apartado seguinte, é preciso establecer un sistema de organización do Arquivo de Medios Dixitais que nos obrigue a regular os rexistros das publicacións dixitais existentes en Galicia ou relacionadas directamente co seu ámbito de interese. Isto debe contemplarse na modificación do regulamento do Depósito legal.

### 2.2.4. Organización do Arquivo de Medios Dixitais

A presenza de Galicia en internet podería ser un dos puntos fortes da Biblioteca-Hemeroteca. É fundamental habilitar un sistema de acceso ao material histórico xa que moitos medios galegos, a pesar de ofrecerem sistemas de busca, aínda non permiten buscas, por exemplo, por data para o público xeral. Este aspecto foi un tema en que algúns investigadores asistentes ao encon-

tro «A comunicación no seu tempo» insistiron dado que a acumulación de información dificultará o acceso no futuro a moitos datos. Resulta necesario establecer un sistema de organización do Arquivo de Medios Dixitais que permita a conservación e acceso dos milleiros de páxinas webs informativas que se crean a diario en Galicia. Este arquivo resultará de importancia estratéxica no futuro cando os investigadores queiran acceder a material creado na rede e que non estará dispoñible en ningún outro sitio. Pódese elaborar unha liña do tempo moi completa, traballo sumamente útil e necesario, tendo en conta as dificultades de contextualización dos estudantes e do público en xeral. Un traballo complementario ao marco cronolóxico sería o desenvolvemento do marco xeográfico, etc.

### 2.2.5. Centro de referencia documental e virtual

Tal e como sinalamos, a presenza de fondos físicos e dixitalizados, o plan de recuperación de fondos, a regulación de rexistros das publicacións dixitais ou a organización do Arquivo de Medios Dixitais son puntos estratéxicos en que se deberá reflexionar á hora de determinar contidos e funcións da Hemeroteca de Galicia. Isto facilitará o traballo a investigadores da comunicación e doutros ámbitos, pero, ademais, a Hemeroteca deberá ofrecer como servizo ser un auténtico *centro de referencia documental*. Esta necesidade vén determinada pola xa citada dispersión de fondos hemerográficos en Galicia e fóra de Galicia, que por estaren noutras institucións a Hemeroteca non poderá contar cos orixinais. Para isto a Hemeroteca deberá servir como centro de referencia para o material hemerográfico galego e constituírse como un auténtico centro, físico e dixital, das consultas de fondos. Este servizo deberá ter dobre dirección:

- *Centro de referencia físico*. As instalacións da Hemeroteca deberán contar cunha infraestrutura que permita, na propia sede, buscas por cabeceira, autor, época, lugar de edición, etc. O obxectivo debera ser crear un catálogo moi completo, ao día, con varias posibilidades de procura, localización e acceso, cando sexa posible, á edición dixital. Nas funcións da Biblioteca como centro bibliográfico está precisamente a elaboración deste tipo de instrumentos bibliográficos. Na ficha de cada publicación debe constar correctamente o lugar onde se achan os orixinais e as posibilidades de consulta, e ofrecer o material dixitalizado na propia páxina ou o acceso a outras páxinas con esa información demandada.
- *Centro de referencia virtual*. Tal e como xa se indicou, a Hemeroteca debe contar cun corpo físico pero tamén cun corpo, se cadra máis importante, na rede. A Hemeroteca virtual e exhaustiva de internet (de iniciativas galegas) converterase nun lugar central de obrigado tránsito internauta para a busca de material hemerográfico en Galicia. O sitio web da Hemeroteca será a referencia que posibilite a localización dos fondos hemerográficos galegos, ben daqueles que estiveren tanxiblemente ou dixitalmente na Hemeroteca ou ben daqueles que estean noutras bibliotecas. Cunha visita ao sitio



web, a persoa interesada poderá saber onde consultar eses fondos. Así, a Hemeroteca, como centro de referencia virtual, deberá atender a accesibilidade en liña, a dixitalización de coleccións analóxicas e servir de preservación e almacenamento para evitar a perda de material. Non só iso, no propio sitio web deberá fornecerse información sobre a historia da comunicación en Galicia para servir como elemento divulgador.

### 3. SUXESTIÓNS

#### 3.1. MUSEO VIVO DA COMUNICACIÓN

O labor da Hemeroteca como centro de referencia de documentación para Galicia poderá complementarse co labor que podería cumprir un museo vivo da comunicación no que os usuarios e usuarias, particularmente grupos escolares, poidan acceder a material froito da historia da comunicación galega e interactuar con el. A finalidade pedagóxica do museo deberá combinar a aprendizaxe histórica a partir das exposicións coa propia creación e intervención dos/as utentes no traballo técnico e de contidos dos medios de comunicación, sexa en prensa, radio, televisión ou internet. Dado que vivimos na sociedade da información, é interesante unha reflexión e posta en marcha dun museo didáctico en que os cidadáns e cidadás do futuro coñezan as ferramentas que posibilitan a comunicación e a importancia da liberdade de expresión e de información. O apartado relativo a novas tecnoloxías debera ter importante peso de seu.

#### 3.2. FONDO PERMANENTE E FONDO EXPOSITIVO TEMPORAL

*Fondo permanente e fondo expositivo temporal:* alén do dito, e como outra suxestión que podería ser de interese, cómpre ter en conta, ademais da dixitalización e dos fondos físicos que se adquiran para a Hemeroteca, a posibilidade de compatibilizar o fondo permanente cun fondo expositivo temporal. A dispersión de fondos hemerográficos existente entre os múltiples museos e arquivos existentes en Galicia e mesmo fóra de Galicia é unha das eivas difíciles de salvar para a dotación de fondos para a Hemeroteca da Cidade da Cultura. A Hemeroteca podería establecer a existencia de diferentes salas de carácter expositivo coas que paliar a inexistencia de moitos orixinais. Así, poderían establecerse exposicións de carácter temporal, centradas ben nunha temática, ben nun centro determinado, que posibilitasen o acceso ao material orixinal.

Ocórrensenos varios exemplos:

- Mes do Museo de Pontevedra na Cidade da Cultura: implicaría que fondos valiosos do Museo de Pontevedra estivesen a dispor do público, non para manexo senón con carácter expositivo, en vitrinas coas condicións idóneas para a súa conservación. Isto facilitaría, por un lado a divulgación dos contidos e o acceso a orixinais e, polo outro,

a difusión do labor do Museo de Pontevedra entre os usuarios. Esta podería ser unha boa maneira de divulgar para a xente de toda Galicia a existencia e finalidade de moitos arquivos e museos pequenos dos que nunca oíron falar ou aos que non teñen acceso pola distancia xeográfica. Isto podería ser aplicable tanto a fondos documentais de arquivos e de museos como a outro tipo de fondos (fotográficos, etnográficos, cinematográficos...).

- Mes «Os inicios da prensa en Galicia. (1800-1840)», «A prensa escolar en Galicia», «A guerra de 1898 na prensa de Galicia», etc.: recompilación de material orixinal nos diferentes centros para unha exposición divulgativa tanto para o público xeralista como versións adaptadas a rapaces con paneis explicativos. Isto conectaría cos obxectivos de divulgación do museo da comunicación.
- Mes dun xornalista (Valentín Paz Andrade, Blanco Torres, Pardo de Andrade...), no que apareza a súa obra en prensa. Esta modalidade sería aplicable a escritores literarios e podería haber exposicións por xeración ou por autores individuais coas súas obras, manuscritos... O obxectivo sería claramente pedagóxico e divulgativo.

# ARQUIVO NACIONAL DE GALICIA\*

\* Este informe baséase nun documento presentado por Pedro López Gómez, profesor de Biblioteconomía e Documentación, para o Consello da Cultura Galega e foi debatido e reelaborado pola Comisión especial nomeada para o efecto, composta por: Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Fariña Busto, Pedro López Gómez, Henrique Monteagudo, Gabriel Quiroga, Concepción Varela Orol e Ramón Villares. Aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 27-VII-2006.



## INTRODUCCIÓN

Este documento trata de dar as liñas básicas de debate sobre o que debería ser o *Arquivo Nacional de Galicia*<sup>1</sup>, as súas competencias, funcións e necesidades, no contexto do Subsistema dos Arquivos da Administración Central da Xunta de Galicia e no máis amplo do Sistema de Arquivos coordinados pola Xunta de Galicia<sup>2</sup>.

A finalidade última sería propoñer o seu desenvolvemento integral nas dimensións básicas dun arquivo xeral: administrativa e cultural, e definir cal é o seu papel –que xa avanzamos que entendemos que é nodal– dentro do sistema.

Comeza por unha aproximación aos conceptos básicos necesarios que permitirán achegarnos á realidade arquivística. Continúa cunha análise da situación actual e cun diagnóstico das carencias existentes e finaliza cunhas propostas de actuación concreta a curto e medio prazo, tanto para o Arquivo Nacional de Galicia como para o Sistema na súa totalidade posto que son realidades inseparables.

A perspectiva que se adoptará para esta análise será a consideración dos arquivos como elementos estratéxicos para unha boa xestión administrativa que garanta os valores de transparencia, obxectividade, eficacia e eficiencia propios dunha administración moderna e democrática.

Ao mesmo tempo, a consideración dos documentos de arquivo como soportes de dereitos e deberes tanto da Administración pública como dos cidadáns, dos que debe garantirse a adecuada custodia e facilitarse o acceso, no marco legislativo existente e dentro dunha política de garantías da libre información e respecto aos dereitos fundamentais dos cidadáns.

Neste deseño, o Arquivo Nacional de Galicia enténdese como elemento clave do sistema, que faga converxer a eficacia e eficiencia administrativa, o respecto aos dereitos individuais e a preservación da memoria colectiva dos galegos.

1. Existe unha proposta anterior: *ARQUIVO Xeral da Administración de Galicia. Proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia*. / Olga Gallego Domínguez, Antonio Gil Merino, Pedro López Gómez, Antonio Martínez Cortizas, Luis Martínez García. Coordinación e dirección Pedro López Gómez. Santiago: Xunta de Galicia. Consellaría de Cultura e Deportes. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 1990. 135 p.

2. No art. 16.5.1. do Decreto 307/1989 inclúense dentro do Sistema, entre outros, o arquivo do Parlamento, o do TSXG e a rede de arquivos universitarios. Neste mesmo artigo, no punto 2, indícase que a Consellaría de Cultura e Deportes será o órgano coordinador do sistema de arquivos de Galicia.

## I. CONCEPTOS BÁSICOS

Para os efectos desta proposta, os arquivos son conxuntos de documentos producidos e recibidos polos distintos órganos da Administración galega ou por outras persoas físicas ou xurídicas de interese para Galicia, no cumprimento das funcións que lles son propias. Son tamén institucións cuxa misión fundamental é a de recoller, identificar, valorar, custodiar e servir estes documentos, como garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e da Administración e como fonte para a investigación.

Os arquivos cumpren unha función básica na xestión administrativa na medida en que aseguran a continuidade da acción administrativa e permiten o exercicio dos dereitos cidadáns.

A complexidade que presentan hoxe as administracións públicas e o extenso das súas competencias, plasmadas nunha produción documental masiva e con frecuencia incontrolada, esixen a creación e organización de sistemas de arquivos para atender do xeito máis adecuado as necesidades de custodia e servizo dos documentos. Estas estruturas administrativas permiten dirixir de xeito organizado os fluxos documentais que parten das oficinas administrativas cara ás distintas etapas arquivísticas previstas, que actúan sobre estes para controlalos e reducilos. Controlándoos garántese a preservación da autenticidade dos documentos (o que ten que ver coa conservación indefinida do contexto administrativo en que se produciron), a transparencia das administracións e o exercicio do dereito de acceso aos documentos por parte dos cidadáns. Reducíndoos elimínase a redundancia informativa, asegúrase a eficacia e a eficiencia da Administración (na medida en que non se ve obrigada a empregar recursos humanos e materiais no tratamento e custodia de documentos que carecen de valor permanente) e facilitan a conservación do patrimonio documental do país.

Entre os elementos que constitúen un sistema de arquivos existen dous que posúen un valor estratéxico fundamental. Un é o Arquivo Nacional; outro, a Comisión Técnica, ou equivalente, encargada de ditaminar sobre as propostas de valoración documental a que a someta o Arquivo Nacional ou outros arquivos do sistema.

No seo dun sistema, e dependendo da idade ou antigüidade dos documentos que custodian, os arquivos adoitan clasificarse en administrativos e históricos, entendendo por intermedios aqueles administrativos que, dentro (intermedios centrais) ou fóra (intermedios xerais) do recinto físico da administración pertinente, se sitúan no sistema entre os arquivos de oficinas e os arquivos históricos.

## 2. O ARQUIVO NACIONAL DE GALICIA

### 2.1. SUPOSTOS PREVIOS

1º O Arquivo Nacional de Galicia é un elemento básico e fundamental do sistema de arquivos da Comunidade, pero soamente un máis dos que o integran. Esixe unha estruturación previa do sistema.

2º O Arquivo Nacional de Galicia debe entenderse, para os efectos deste documento, como un arquivo administrativo de depósito permanente (mixto de administrativo e histórico).

A idade dos documentos xerados ata o momento pola Administración autonómica non excede dos 30 anos; isto quere dicir que son documentos administrativos que aínda non teñen a consideración de históricos. Hai que asumir que, polo menos temporalmente, teranse que recoller nun arquivo administrativo de depósito permanente, pois non existe un arquivo histórico propio da comunidade, para o que se precisaría vontade política de crealo e canalización de recursos, que nos parecen máis urxentes e necesarios para o que nos ocupa.

Hai que recordar tamén que existe un depósito no Polígono do Tambre, co nome de Arquivo Xeral da Xunta, practicamente colapsado, que non reúne os requisitos que esta categoría esixe.

3º O Arquivo Nacional de Galicia supón a existencia de arquivos centrais en cada departamento da Administración galega, que remitan os seus documentos periodicamente, para a súa selección e a posterior conservación permanente dos seleccionados.

### 2.2. DEFINICIÓN E MISIÓN

O Arquivo Nacional de Galicia é un centro especializado destinado á recollida, custodia e servizo, para a xestión, a investigación e a cultura, de:

- 1) a documentación producida polas consellarías e organismos autónomos centrais da Xunta de Galicia, no cumprimento dos prazos legais establecidos, que xirarán arredor dos 15 anos de antigüidade, e para a súa conservación permanente, pasados 30 anos, tras a selección previa daqueles que perdan os seus valores administrativos; e
- 2) aqueloutra documentación contemporánea de interese para Galicia, en forma de orixinais ou copias.

O Arquivo Nacional de Galicia liderará o sistema de arquivos de Galicia, colaborando no desenvolvemento dunha política arquivística xeral da Administración pública galega e en coordinación co resto dos arquivos do sistema.

### 2.3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos fundamentais desta institución serán:

1º Axilizar o funcionamento da Administración, mediante o desconxestionamento dos arquivos precedentes do sistema, liberando os arquivos centrais dos documentos acumulados neles, no cumprimento dos prazos legais establecidos.

2º Contribuír á mellora do servizo público mediante a racionalización da documentación que xorde dos procedementos administrativos.

3º Garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información e aos documentos recollidos nel, como consecuencia da aplicación da normativa constitucional, legal e regulamentaria; e ás administracións de orixe a plena dispoñibilidade dos seus documentos, é dicir, o acceso a eles cando sexa necesario.

4º Para o logro dos obxectivos anteriores, o Arquivo Nacional de Galicia desenvolverá as funcións seguintes:

- a) Recoller a documentación xerada pola Administración central autonómica, a través dos arquivos centrais das consellarías, os organismos autónomos e outros organismos ou institucións autonómicas, e eliminar, tras a oportuna valoración e selección, aqueles documentos sen valor administrativo nin histórico, para conservar coas debidas garantías aqueloutra documentación posuidora dos valores mencionados, soporte de dereitos e deberes, e que formará parte da memoria histórica de Galicia.
- b) Recibir e custodiar os fondos e coleccións documentais, en calquera soporte, doutras institucións públicas ou privadas de dentro e fóra de Galicia e de interese para o país, entregados polos seus titulares.
- c) Organizar e describir os fondos e coleccións documentais, conforme aos principios fundamentais da arquivística.
- d) Conservar os documentos recollidos, adoptando as medidas de prevención, restauración e cambio de soporte necesarios para a súa permanencia no tempo.
- e) Asesorar na elaboración de normas para a organización dos arquivos centrais e de oficinas.
- f) Coordinar as funcións arquivísticas dos referidos arquivos centrais de cara á súa mellor integración no sistema.
- g) Difundir e editar resultados de traballos arquivísticos e instrumentos de descrición ou de información.
- h) Propoñer e coordinar grupos de traballo sobre funcións arquivísticas comúns.
- i) Asesorar e informar por requirimento da Consellaría de Cultura e das súas direccións xerais.
- l) Organizar cursos sobre arquivos e arquivística.



## 2.4. LOCALIZACIÓN

Debido á necesidade de cumprir as demandas de información e documentos da Administración autonómica, a localización deste centro deberá situarse nas contornas da capital, Santiago de Compostela. Deberá considerarse a posibilidade de que algún dos edificios da Cidade da Cultura sirva para este obxectivo.

## 2.5. EDIFICIO, INSTALACIÓNS, EQUIPO

No estudo de 1990 dábanse as liñas básicas das áreas e zonas de servizo, depósitos, mobiliario e equipo de que debía dispoñer o Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, e que basicamente seguen sendo os mesmos. Non ocorre así en relación ás dimensións, en m<sup>2</sup> ou en m.l., que se indicaban, tanto por concibir o devandito arquivo como un arquivo intermedio e non de conservación permanente, como pola experiencia que o paso do tempo nos proporcionou, onde podemos incluír os exemplos xa construídos doutros arquivos de comunidades autónomas.

As zonas, organicamente diferenciadas e independentes, aínda que interrelacionadas e comunicadas entre elas, son:

1º Servizos de acceso público: información, salas de instrumentos, lectura e consulta, biblioteca auxiliar, servizos administrativos e dirección, gabinete educativo, salas de conferencias e exposicións.

2º Salas de traballo técnico para o tratamento arquivístico (basicamente identificación, valoración, organización e descrición dos documentos) e de conservación, restauración e reprodución (fotografía, dixitalización, etc.) dos documentos.

3º Depósitos documentais: coas debidas garantías de illamento, seguridade e conservación para os documentos textuais e especiais (cartográficos, audiovisuais e informáticos).

4º Entrada de fondos e servizos complementarios: recepción, desinfección, desinsectación e selección de documentos.

Considerábanse necesarios 30 000 - 35 000 m.l. de andel e unha superficie dos depósitos de 5400 m<sup>2</sup>, sendo o total do edificio duns 9000 m<sup>2</sup>.

Outros arquivos de carácter idéntico ou parecido contan con cifras similares ou maiores ás indicadas. Así, o Arxiu Nacional de Cataluña, que ten un carácter mixto de administrativo e histórico, ten unha superficie construída de 12 625 m<sup>2</sup> (4 bloques de 6 plantas e soto, unidos por un patio e 2 corpos anexos) e garda 30 000 m.l. de documentos, nos seus 61 000 m.l. de andel instalado, en 32 depósitos. O máis recente Archivo Regional de Castilla-La Mancha, de carácter estritamente administrativo e sen intencionalidade recolectora de documentos fóra do ámbito xurisdiccional da Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, obra de Guillermo Vázquez

Consuegra, dotouse con 12 625 m<sup>2</sup> de superficie útil (obsérvese a coincidencia coa construída do ANC), depósitos de 7910 m<sup>2</sup> e 70 000 m.l. de andel instalado<sup>3</sup>. Noutros casos recorreuse á rehabilitación de edificios preexistentes, como se fixo co Archivo General de Navarra, que custodia importantísimos fondos históricos, obra do arquitecto tudelano Rafael Moneo, que engadiu ao antigo palacio da Capitanía un edificio de nova planta para os depósitos documentais<sup>4</sup>.

De todos eles parécenos modélico o impresionante Archivo Regional de Castilla-La Mancha, construído coas últimas técnicas e seguindo as normas máis depuradas desde o punto de vista arquivístico<sup>5</sup>.

Dos estudos previos, dos comparativos e da existencia actual de documentación, tanto a xa recollida, uns 11 000 m.l. de documentos, como a pendente de recoller, así como a que poida producirse no futuro para unha poboación que se aproxima aos 3 millóns de habitantes, poden extraerse algunhas cifras con respecto as instalacións futuras para este centro, con misión de depósito permanente: un edificio cunha superficie non menor dos 15 000 m<sup>2</sup> de superficie útil e cuns depósitos que contivesen andeis instalados nunha contía non inferior aos 100 000 m.l. Obviamente, estas son cifras que poderían modularse e ir elevándose segundo as necesidades. De ningún xeito deberían menosprezarse estes avances numéricos, pois a realidade adoita superar todas as expectativas.

## 2.6. PERSOAL

En canto ao persoal, seguen sendo válidos os perfís profesionais que se apuntaron no seu día de arquivistas facultativos e axudantes, especialistas en microfilmación, fotografía, restauración, informática e xestión; persoal administrativo, persoal auxiliar e persoal subalterno; aos que habería que engadir especialistas en dixitalización.

A contía numérica que se estudou daquela tería que actualizarse segundo os requirimentos que a institución e as súas instalacións precisasen, de acordo coas novas formulacións que se aprobasen.

3. [www.jccm.es/revista/183/clmaldia.htm](http://www.jccm.es/revista/183/clmaldia.htm) (10/04/2006).

4. [www.cfnavarra.es/agn/sede/sede.htm](http://www.cfnavarra.es/agn/sede/sede.htm) (10/04/2006).

5. Archivo Castilla La-Mancha / Coordina Luis Martínez García; reportaxe fotográfica José María Moreno. S.I.: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha. Consejería de Administraciones Públicas, 2005. Outras cifras: 540 m<sup>2</sup> de salas de exposicións, 40 prazas na sala de consulta, unha aula de 30 prazas e un salón de actos de 136 prazas.

### 3. O SISTEMA DE ARQUIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

#### 3.1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

De acordo coa Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia e os decretos de traspaso de competencias correspondentes, a Comunidade Autónoma exerce de xeito exclusivo as súas competencias sobre os arquivos e patrimonio documental de interese para Galicia. E ademais xestiona os arquivos de titularidade estatal situados no territorio da Comunidade.

Estas competencias foron desenvolvidas ata a data pola Consellaría de Cultura, o que determinou a concepción e tratamento dos arquivos desde unha perspectiva cultural, esquecendo a dimensión administrativa propia destes centros.

Realizaremos o exame das actuacións levadas a cabo ata hoxe en materia de arquivos desde unha dobre perspectiva. Por unha banda, abordaremos brevemente a análise da normativa vixente; por outra, o sistema de arquivos (ou daqueles elementos illados que, integrados, deberían conformar –pero que aínda non o conforman– o tal sistema).

##### 3.1.1. Normativa

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que carecen dunha lei de arquivos propia. As únicas normas vixentes na materia son o Decreto 307/1989, do 23 de novembro, que regula o sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia, e a Lei 8/1955, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia. Iso é expresión da escasa atención que estes centros recibiron ata a data por parte da Xunta. Con todo, estas disposicións ofrecen un marco mínimo, que non se aproveitou, para iniciar o desenvolvemento do sistema, pois nin se crearon os centros, nin os órganos nin os servizos arquivísticos precisos, nin se deu forma ao sistema de arquivos da Xunta deseñado no Decreto 307 mencionado.

##### 3.1.2. O sistema

O sistema galego de arquivos depende na actualidade da Consellaría de Cultura, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que ten unha soa unidade con competencias exclusivas en materia de arquivos con nivel orgánico de sección.

De acordo co deseño establecido no Decreto 307/1989, o funcionamento básico do sistema galego de arquivos, na parte que corresponde aos centros dependentes da Xunta, deberíase articular a partir dun dobre esquema: a nivel central, o Arquivo Nacional de Galicia coordinaría e recibiría periodicamente documentación dos arquivos centrais das Consellarías. En colaboración con estes arquivos, o Arquivo Nacional de Galicia valoraría as series documentais e elevaría unha proposta de acceso e de selección á Comisión Técnica de Arquivos, que debería ditaminar

o destino final destas, establecendo as que fosen de conservación permanente, as que só se conservarían parcialmente –mediante mostraxes– e as eliminables totalmente tras perder a súa vixencia administrativa. A nivel provincial, este papel corresponderíalles aos arquivos centrais territoriais, que farían de arquivos centrais e intermedios, papel que viñeron realizando os arquivos históricos provinciais, tanto para a documentación procedente do Estado como para a da Xunta, e que coa creación dos centrais reduciríano só para a documentación de orixe estatal<sup>6</sup>.

A análise da situación existente actualmente en Galicia revela que non existe un verdadeiro sistema de arquivos, pois practicamente non existen centros nin vinculación entre eles, o que dá como resultado disfuncións na xestión administrativa, manifestadas nas acumulacións e perdas de documentos, no atraso no seu tratamento e posta en servizo e nunha dilapidación de recursos humanos e económicos.

### 3.1.2.1. Centros propios e xestionados

A Xunta de Galicia xestiona arquivos de titularidade estatal (o Arquivo do Reino de Galicia, con sede na Coruña<sup>7</sup>, e os Arquivos Históricos Provinciais de Lugo<sup>8</sup>, Ourense<sup>9</sup> e Pontevedra<sup>10</sup>) e ten competencia exclusiva sobre os arquivos e o patrimonio documental de interese para Galicia. Ademais, a Xunta posúe os seus propios arquivos.

6. O Decreto 914, do 8 de maio, dispuxo o funcionamento dos arquivos históricos provinciais como arquivos intermedios para a documentación do Estado; e polo Decreto 307/1989, do 23 de novembro, da Xunta de Galicia, reguláronse dentro do sistema galego de arquivos. A xestión corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, por transferencia realizada baseándose no Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro.

7. Situado nun edificio remodelado, alberga 250 fondos, que contabilizan 121 000 unidades de instalación e 108 000 unidades documentais soltas, que ocupan 17 000 m.l.

Conf. ARG: [www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/arquivo%20reino/index.html](http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/arquivo%20reino/index.html) (15/04/2006). Segundo datos proporcionados polo seu director, Gabriel Quiroga Barro, os metros lineais de andel libre na actualidade son 1453,83 e de andel ocupado 20 859,67, que suman os 22 316,50 m.l. de andel instalado para uso de arquivo (hai outros 1752,6 m.l. destinados a biblioteca auxiliar). As unidades de instalación eran, o 31 de decembro de 2005, 143 129; e as unidades documentais, 110 758.

8. AHP de Lugo: [www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/lugo/index.html](http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/lugo/index.html) (15/04/2006). O edificio, o máis moderno de todos os históricos provinciais, ten 6 andares, cunha superficie total de 4199 m<sup>2</sup>, dos que 2742 corresponden a depósitos, con 20 000 m.l. de andeis, dos que 11 800 están ocupados pola documentación que custodia, composta por 74 fondos documentais datados entre o s. XVI e XXI, cuxa estatística en decembro de 2005 se resume en: 66 809 unidades de instalación colocadas definitivamente, 4670 provisionalmente e 2315 m de documentos pendentes de organización, ademais de 16 planeiros DIN A0, nos que se custodian as máis de 12 000 fotografías aéreas da provincia de Lugo e os mapas e planos do Arquivo. Datos actualizados proporcionados pola directora do Arquivo, M.<sup>a</sup> Dolores Pereira.

9. O edificio histórico en que se aloxa ten 1745 m<sup>2</sup>, dos que corresponden 997 m<sup>2</sup> ás 4 plantas de depósitos. Os fondos ocupan 4655 m.l. de andel, sen máis dispoñible, e abarcan cronoloxicamente desde o s. XI ata os nosos días; e, ademais dos fondos documentais, posúe 5000 monografías e 985 publicacións periódicas. Na actualidade constrúese un edificio novo en San Francisco, que terá capacidade para 39 km de documentación. Datos proporcionados por Pablo Sánchez Ferro, director do Arquivo.

Conf. AHP de Ourense: [www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/ourense/index.htm](http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/ourense/index.htm) (15/04/2006).

10. Alóxase nun elegante pero pequeno edificio de 2 andares e ático, con depósitos acaroados. Os seus fondos están formados por 7998 libros e 30 000 caixas, que ocupan 4500 m.l. de andeis, xa completos, aos que se suman 3000 títulos da súa biblioteca auxiliar.

Conf. AHP de Pontevedra: [www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/pontevedra/ah\\_g.htm](http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/pontevedra/ah_g.htm) (15/04/2006). Ao parecer, o Concello de Pontevedra ofreceu un soar, próximo ao Instituto Torrente Ballester, onde situar un novo edificio.

Parecería pertinente, nos momentos actuais en que se debate sobre o novo Estatuto de Galicia, reclamar a transferencia da titularidade dos catro arquivos históricos do Estado á Xunta, o que facilitaría unha xestión máis eficiente.

Son escasos os organismos da Xunta que teñen arquivo central administrativo<sup>11</sup>: a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia e a Consellaría de Cultura e Deporte<sup>12</sup>, que será dotada proximamente dun arquivista. Algunhas consellarías tiveron persoal contratado para a organización dos seus arquivos centrais ou de oficina (Economía e Facenda, Traballo e Asuntos Sociais –hoxe en día Vicepresidencia– e Cultura)<sup>13</sup>.

Actualmente funcionan dous arquivos intermedios: o chamado Arquivo Xeral, situado desde 1994 en dúas naves industriais no Polígono do Tambre de Santiago de Compostela; e o denominado Arquivo Xeral da Xunta de Galicia en Lugo (en realidade, a pesar do seu nome, un arquivo central das delegacións; con sede no edificio administrativo da Xunta naquela cidade), con funcións de arquivo territorial central. Ademais, hai intentos de crear un arquivo administrativo en Vigo<sup>14</sup>, semellante ao existente en Lugo, para toda a documentación producida polas diferentes delegacións das consellarías.

O Arquivo Xeral de Lugo foi creado en 1998 (por Resolución do 11 de setembro de 1998, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 1998 que aproba o Plan de racionalización de efectivos do novo edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo), para recoller os documentos producidos polas delegacións provinciais da Xunta naquela cidade. Conta con 70 m<sup>2</sup> de oficinas no 2º andar do edificio das delegacións e tres locais para depósitos nos sotos do edificio. Dispón duns 3500 m.l. de andel, dos que actualmente están ocupados 2300, cuxas datas van de 1997 ata 2005. Da importancia destes centros dá idea que o de Lugo recollera desde a súa creación un total de 6 km de documentación, dos que 3,7 km se transferiron ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo, por falta de espazo. As transferencias, cunha media de 800 m.l. anuais, indican que o AHP quedará cheo en breve, de seguir ese ritmo. Ten asignadas dúas prazas de arquivista (un técnico superior de arquivo con nivel 25 e un técnico de grao medio con nivel 16), unha de auxiliar e outras dúas de persoal subalterno<sup>15</sup>.

11. Portal de arquivos de Galicia:

[www.arquivosdeg Galicia.org/web/asp/index.asp?idMenu=4&idIdioma=1&accion=redes&idCategoria=6](http://www.arquivosdeg Galicia.org/web/asp/index.asp?idMenu=4&idIdioma=1&accion=redes&idCategoria=6) (15/04/2006).

12. Coa nova RPT crearanse tres novas prazas do corpo facultativo: unha para o AXXG, outra para o Arquivo Central da Consellaría de Cultura e unha terceira para o arquivo administrativo de Vigo.

13. Na actualidade parece que só conta con persoal a Vicepresidencia, pois no resto dos casos decidiuse prescindir destas asistencias técnicas.

14. Como xa se dixo, coa nova RPT crearanse tres novas prazas do corpo facultativo: unha para o AXXG, outra para o Arquivo Central da Consellaría de Cultura e unha terceira para o arquivo administrativo de Vigo.

15. Datos achegados polo Arquivo Xeral de Lugo (19/04/2006) e *O Arquivo Xeral da Xunta de Galicia en Lugo. / A xefa de sección do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia en Lugo*, Olimpia López Rodríguez. Lugo, 2006.

O Arquivo Xeral da Xunta de Galicia<sup>16</sup>, situado como se dixo no Polígono do Tambre, conserva na actualidade máis de 11 000 m.l. nos seus depósitos, aos que habería que sumar un volume aínda maior de documentación sen vixencia administrativa custodiada polas consellarías e os seus organismos dependentes, que atendendo á súa antigüidade ou á súa pouca frecuencia de consulta podería remitirse ao arquivo intermedio. Posto que estamos falando da Administración central galega, a simple comparación co Arquivo Xeral de Lugo confírmanos que queda un volume enorme de documentos por recoller, probablemente non inferior aos 30 000 m.l.

Esta circunstancia viría confirmada polas cifras de servizos prestados entre 1997 e 2004, moi baixas en comparación co resto dos arquivos dependentes da Xunta, especialmente dos administrativos (1500 préstamos/ano o Arquivo Xeral de Lugo; 9 préstamos/ano o Arquivo Xeral da Xunta en Santiago), e que vén a suxerir a escasa frecuencia de uso da documentación que custodia, ou o que é o mesmo, que a útil, desde a perspectiva administrativa, está noutras partes.

**Arquivo Xeral da Xunta de Galicia**

ANO	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
M / l	8320	9462	9810	10 197	10 302	10 624	10 804	10 870
Consultas	48	58	101	84	102	75	94	67
U.I. consultadas	86	116	198	232	177	136	179	121
Préstamos	21	11	6	4	4	7	13	9
U.I. prestadas	40	12	10	16	12	26	26	14

Dotado ata o presente ano cunha única praza de arquivista, na proposta de RPT actual, que está a punto de aprobar a Xunta de Galicia, dótase do seguinte persoal: un técnico superior de arquivo, funcionario, grupo A, nivel 20, e un auxiliar de arquivos e bibliotecas, laboral, grupo IV, categoría 35. Esta dotación é insuficiente, se se compara co Arquivo Territorial de Lugo, que, con toda seguridade, necesita de máis persoal para funcionar debidamente, sobre todo se se inician tarefas de identificación e valoración de fondos, tarefa fundamental para ambos os centros.

### 3.1.2.2. Arquivos de interese galego

No que se refire aos arquivos de interese para Galicia, entendemos que a política de fomento na materia non deu os resultados desexables: no caso dos arquivos privados, as subvencións para obras e instalacións non sempre garanten a conservación adecuada e moito menos o acceso

16. Datos proporcionados polo seu director, Alfonso Cascudo (28 abril 2006).

libre aos cidadáns en xornadas suficientes. Polo que respecta aos públicos, as actuacións máis frecuentes foron enfocadas á organización de fondos de arquivos, especialmente dos municipais, mediante o traballo de bolseiros, pero o sistema non resulta operativo, porque encobre unha contratación precaria, non garante a formación profesional dos titulares das bolsas e, ao non haber continuidade no seguimento *a posteriori* da organización dos centros, esta acaba por desaparecer, de xeito que se fai así inútil o esforzo de estruturación. Ademais a organización dos fondos non asegura o acceso a estes por parte dos usuarios, nin garante a súa conservación.

### 3.1.2.3. Servizos de apoio

Aínda que algúns centros, como o Arquivo do Reino de Galicia ou o Arquivo Histórico Provincial de Lugo, viron ampliados ou dotados por vez primeira os seus cadros de persoal nos laboratorios de restauración con que contan, o sistema carece dun servizo ou departamento encargado da restauración do patrimonio documental e bibliográfico que custodian outros centros propios ou xestionados ou outros arquivos de interese. Por esta razón, unha boa parte dese patrimonio segue sen recibir a atención que merece e atópase exposta aos perigos de intervención por parte de persoal pouco ou nada cualificado.

Tampouco se creou un servizo de microfilmación/dixitalización como estaba previsto no art. 20 do Decreto 307/1989, que crea o Centro do Microfilm e Reprografía, nin se dotaron prazas de técnicos reprográfos nos principais arquivos históricos do sistema (Arquivo do Reino de Galicia, Arquivos Históricos Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra).

En consecuencia, non se executa, de ningún xeito, unha política sistemática e integral de conservación nin de reprodución do patrimonio documental (neste caso con fins de seguridade, conservación, complemento ou publicación, por exemplo a través de internet). Isto afecta tanto ao patrimonio que se atopa en Galicia como ao situado fóra.

### 3.1.2.4. Administración electrónica

Galicia foi unha das comunidades pioneiras na implantación dun Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). A creación e posta en funcionamento deste sistema electrónico de tramitación e seguimento da xestión para os procedementos a instancia de parte supuxo unha importante decisión estratéxica que favoreceu a racionalización dos procedementos e contribuíu á modernización da Administración de Galicia. Esta iniciativa foi continuada por outras como a implantación parcial de procedementos ou de partes de procedementos en forma totalmente electrónica.

Aínda que son de interese, estes proxectos incorren en dous defectos fundamentais:

1. O SXPA é un sistema de xestión mixto, non totalmente electrónico, no que unha aplicación electrónica axuda a tramitar procedementos en papel. Afecta só aos procedementos iniciados

a instancia de parte. Non substitúe ao procedemento en papel, senón que o complementa. Xera impresos para cada un dos trámites de cada procedemento que, unha vez cubertos, crean documentos en papel que deben ser validados por medios convencionais e, supostamente, documentos electrónicos paralelos. Frecuentemente non contribúe a axilizar o procedemento, máis ben ralentízao, especialmente no trámite de rexistro. Por outra banda, non parece existir unha planificación para a xestión nin para a conservación posterior deses documentos electrónicos «paralelos» que o sistema xera. Non se trata, xa que logo, dun verdadeiro sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo (SXDEA), no que todos os procedementos se deseñan e tramitan nun contorno totalmente electrónico de acordo cunha serie de requisitos técnicos que aseguran a xestión integral dos documentos ao longo do seu ciclo vital e a súa autenticidade, integridade, seguridade, acceso e conservación permanente. Para iso, debe cumprir as especificacións establecidas por normas internacionais moi esixentes<sup>17</sup>. Non hai seguimento ningún para os procedementos iniciados de oficio, de xeito que a inmensa maioría permanece á marxe deste sistema de xestión. E o sistema realizouse sen presenza ningunha de arquiveiros, que poderían colaborar, con coñecemento de causa, no control da produción documental e na normalización dos circuitos documentais<sup>18</sup>.

Outras administracións autonómicas, como a do Principado de Asturias, tomaron a dianteira ao implantar nestes momentos un sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo con estas características.

2. As iniciativas de administración electrónica que a Administración galega desenvolve (rexistro telemático, inserción de anuncios no DOG, licitación electrónica, rexistro de contratistas) son parciais e non forman parte dun sistema integral que cumpra os requisitos técnicos aos que se alude arriba.

Polo tanto, na implantación de sistemas electrónicos de xestión de documentos electrónicos, a Xunta repetiu o mesmo esquema de falta de planificación e desorganización que aplicou aos documentos en papel.

17. MoReq –Modelo de requisitos para a xestión de documentos electrónicos de arquivo– desenvolvido polo programa IDA da Comisión Europea; ou ISO 15489-1 e 15489-2.

18. Información contrastada con Alfonso Cascudo Rasilla (03/04/2006).



## 3.2. PROPOSTAS

As propostas que conforman este punto están orientadas a abordar as solucións aos problemas sinalados en toda a súa amplitude; é dicir, ofertaremos un modelo de actuación que sitúe os arquivos na estrutura administrativa da Xunta de Galicia, que desenvolva normativamente o marco en que han de funcionar e que estructure e faga operativo o sistema de arquivos da Xunta.

### 3.2.1. Localización dos arquivos na estrutura administrativa da Xunta de Galicia

A adscrición dos arquivos á área de cultura, que contempla prioritariamente a súa dimensión cultural, non garante a eficacia na coordinación dos centros nin dos servizos do sistema. Por iso entendemos que debe crearse un organismo que permita a cooperación entre a Consellaría de Cultura e a consellaría que exerza as funcións de Administración Pública, que permita a organización e xestión, en todas as áreas e unidades da Xunta de Galicia, destes servizos comúns de carácter administrativo que son os arquivos.

O rango mínimo de unidade administrativa que sería desexable para o centro directivo do que dependan é o de subdirección xeral con competencias exclusivas en materia de arquivos, en íntima relación coa dirección xeral que teña funcións de racionalización e simplificación de procedementos administrativos.

### 3.2.2. Desenvolvemento competencial e normativo

Propoñemos neste ámbito a creación dunha lei de arquivos de Galicia e o seu desenvolvemento normativo, que permita a concreción do status, funcións e actividades que deben realizar os centros no conxunto da Administración da Xunta de Galicia. Simultaneamente, pódese e débese crear de xeito inmediato a comisión de valoración de documentos administrativos que o Decreto 307/1989 denomina Comisión Técnica de Arquivos, ferramenta básica para o funcionamento do sistema, que atenderá a indispensable selección de documentos que asegure o mantemento do patrimonio documental a través da determinación dos documentos que son de custodia permanente.

### 3.2.3. O Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia

O Subsistema de Arquivos da Xunta debe contar cunha estrutura de arquivos que atenda os servizos centrais, en Santiago de Compostela, e outra periférica que dea servizo á Administración autonómica noutras sedes. Polo tanto, debemos falar de xeito separado do nivel central e do periférico.

### 3.2.3.1. Nivel central

Crearanse, en primeiro lugar, arquivos centrais nas consellarías (un arquivo por cada consellaría) e nos organismos autónomos de maior entidade (SERGAS, IGAPE, IGE, IGAEM, EGAP, etc.), que estarán servidos polo persoal técnico, administrativo e subalterno que sexa conveniente.

Tamén, e como elemento clave do sistema, crearase o Arquivo Nacional de Galicia, con sede en Santiago de Compostela, nun edificio emblemático. Este centro será a cabeza do Subsistema de Arquivos de Galicia e exercerá funcións de intermedio e histórico para a documentación producida polos servizos centrais da Xunta de Galicia e, como se indica no artigo 21 do Decreto 307/1989, daqueles outros organismos da Comunidade Autónoma que se determinen en posteriores disposicións (poderían ser o Valedor do Pobo, o Consello Consultivo, etc.). Liderará os traballos técnicos de identificación e valoración de fondos, executará os ditames de selección de documentos e cumprirá todas e cada unhas das funcións primordiais para a configuración e definición do patrimonio documental do país.

Non será allea a este arquivo a incorporación de fondos ou documentos procedentes de particulares e de institucións de interese galego (entendemos que dado o carácter contemporáneo da súa documentación, o seu complemento documental debería ser de fondos e documentos dos séculos XIX e XX, mentres que os do Antigo Réxime e os da Idade Moderna se destinen aos arquivos históricos existentes) que incrementen o acervo documental de todos os galegos.

### 3.2.3.2. Nivel periférico

Polo que se refire á estrutura arquivística que dea soporte á Administración periférica da Xunta de Galicia, propoñemos a creación e dotación de arquivos territoriais<sup>19</sup>, que exercerán como xerais intermedios das delegacións provinciais e do resto da administración periférica da Xunta en cada provincia, atenderán o apoio á xestión administrativa e seguirán as pautas marcadas polo Arquivo Nacional de Galicia no proceso de identificación e valoración de fondos, ademais de servir como fito intermedio no proceso de selección documental e transferencia da documentación de custodia permanente.

Complétase o sistema no ámbito dos servizos periféricos coa inclusión dos Arquivos Históricos Provinciais e do Arquivo do Reino de Galicia, de xeito que sirvan, uns e outro, como arquivos históricos para a documentación producida pola Administración periférica da Xunta de Galicia no seu ámbito territorial. Esta función é compatible coa que veñen exercendo de inter-

19. O Arquivo Xeral da Xunta de Galicia en Lugo creouse mediante Resolución do 11 de setembro de 1998, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 1998 que aproba o Plan de racionalización de efectivos do novo edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo. Sorprende que non se crease esta figura para cada unha das provincias galegas, dada a súa necesidade para descargar de documentos as oficinas e preparar a súa valoración para conservar a de valor permanente.

medios e históricos para a Administración periférica do Estado e non implica duplicar arquivos nin dilapidar recursos.

Ademais de situarse de forma adecuada no seo do sistema, os arquivos históricos xestionados pola Xunta precisan ver incrementados os seus cadros de persoal con técnicos especializados, que contribúan á súa proxección estratéxica, e especialmente reprógrafos (para poder desenvolver programas de microfilmación e dixitalización continuados) e informáticos (para apoiar de modo permanente a posta en funcionamento e o desenvolvemento de aplicacións de xestión integral de arquivos que faciliten, entre outras cousas, a súa difusión a través de internet).

### 3.2.3.3. Arquivos de interese para Galicia e patrimonio documental

Nesta materia, é interesante que a Xunta de Galicia manteña unha actitude activa, tratando de atraer cara aos arquivos públicos a maior cantidade posible de arquivos privados de interese para Galicia, a través dunha política que favoreza especialmente os donativos e depósitos de fondos documentais.

Polo que respecta a outras medidas de fomento, tales como as subvencións para obras e instalacións, só se deberían facer obtendo a cambio garantías na conservación e servizo dos fondos por persoal técnico competente.

No que atinxe ás bolsas para arquivos municipais, entendemos que se deben buscar alternativas, arbitrando outras medidas tales como o fomento da autoorganización nesta materia por parte das administracións locais, que poden atender os seus arquivos de forma mancomunada, co apoio de institucións provinciais ou da propia Xunta de Galicia, como o fan cos servizos sociais ou coa extinción de incendios, por exemplo. Seguindo o modelo doutras comunidades autónomas, a Xunta podería establecer convenios cos concellos en que, a cambio da dotación permanente de persoal técnico arquivista por parte da Comunidade Autónoma, os municipios se comprometan a destinar locais apropiados para o arquivo e a facerse cargo dos gastos de mantemento e, de ser o caso, investimento.

### 3.2.3.4. Servizos de apoio

Creados e dotados os centros arquivísticos e establecidos os seus centros directivos, quédanos por indicar que servizos deberían constituírse como apoio ao sistema dos arquivos de Galicia. Serían, ao noso entender, o Centro Nacional de Conservación e Restauración de Documentos, o Centro Nacional de Reprografía de Documentos e o Centro Nacional de Información Documental, previstos no Decreto 307/1989<sup>20</sup>. Todos eles darían servizo, cada un no seu ámbito, non só aos

20. No decreto denomínanse: Instituto de Conservación e Restauración de Galicia, Centro de Microfilm e Reprografía e Centro de Información de Arquivos de Galicia.

arquivos da Xunta, senón tamén aos doutras administracións (v.g. á municipal) e aos de persoas, familias e institucións que custodien arquivos de interese para Galicia.

É especialmente interesante sinalar que o Centro Nacional de Reprografía podería ter un papel moi activo na localización, reprodución, descrición e posta en servizo de documentos galegos ou de interese para Galicia custodiados fóra da nosa comunidade, sexa no resto de España ou no estranxeiro.

Estes centros de apoio aos arquivos, que ofrecerán tan amplo abano de servizos para os cidadáns, poderían instalarse na Cidade da Cultura, de xeito que se dotaría así de contido real, non só virtual, de interese para todos os galegos.

### 3.2.3.5. Administración electrónica

Deberase implantar progresivamente un verdadeiro Sistema de Xestión de Documentos Electrónicos de Arquivo (SXDEA). Un sistema que está chamado a substituír no futuro ao sistema actual de xestión en papel, pero que a medio prazo terá que implantarse e funcionar de xeito paralelo co tradicional.

O SXDEA deberase proxectar cunha perspectiva global que atenda as esixencias establecidas polas normas internacionais para esta clase de sistemas. Permitirá desenvolver de xeito integral unha xestión administrativa electrónica pero non esquecerá todos aqueles aspectos arquivísticos que aseguran a autenticidade, integridade, accesibilidade, seguridade, transferencia, valoración, selección e, se é o caso, conservación permanente dos documentos electrónicos producidos pola Administración de Galicia.

## CONCLUSIÓN

A creación do Arquivo Nacional de Galicia é un elemento moi importante, un máis dos que deben integrar o sistema galego de arquivos, neste momento inexistente. Está ligado á existencia de arquivos centrais nas consellarías e á creación dunha Comisión de Valoración de Documentos Administrativos que permitan, por unha banda, o seu crecemento e, por outra, a eliminación de documentos carentes dos valores necesarios para seren conservados como evidencia da actuación administrativa, garantía perpetua de dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, como fonte documental para a investigación e memoria histórica da colectividade galega. Os recursos con que se doten estes centros serán proba palpable da sensibilidade da Administración fronte a estas cuestións.

# BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIA\*

\* Este informe baséase nun documento presentado por Concepción Varela Orol, profesora de Biblioteconomía e Documentación, para o Consello da Cultura Galega e foi debatido e reelaborado pola Comisión especial nomeada para o efecto, composta por: Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Fariña Busto, Henrique Monteagudo, María Carmen Pérez Pais, Concepción Varela Orol e Ramón Villares. Aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 20-VII-2007.



## 1. ÁMBITO DA BIBLIOTECA VIRTUAL DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA

A Biblioteca Virtual debería entenderse como un conxunto de repositorios distribuídos de contidos dixitais e dixitalizados, que comprenda non só información textual e propiamente libraria (libros, revistas, mapas), senón tamén non libraria (documentos iconográficos, orais, pezas de arquivos, museos, etc.), ao que se engaden un conxunto de interfaces para recuperar esa información.

Por tanto, a Biblioteca Virtual debe dirixirse a facilitar a información cultural galega que os distintos tipos de públicos precisan, estea onde estea, sexa dixital ou dixitalizada, libraria ou non libraria.

Con esta concepción, a Biblioteca Virtual

1. Debe ser froito da colaboración estable entre distintas institucións e outros axentes (editores, creadores de páxinas web, etc.), baixo a dirección da Biblioteca Nacional, e non ten por que ser realización exclusiva da Biblioteca Nacional de Galicia en todas e cada unha das súas partes.
2. Debe estar ligada ao Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información da Consellaría de Innovación e Industria, tanto no referido aos contidos, como na adopción de estándares abertos e software libre.
3. Non ten por que centrarse exclusivamente nas obras patrimoniais, de atención preferente para un sector restrinxido de público, e polo tanto abordar a dixitalización do conxunto patrimonial bibliográfico, duplicando o labor xa realizado por outras institucións ou empresas (Real Academia Galega, Universidade da Coruña, editores), senón explotar ao máximo o traballo xa feito, tratar de normalizar as normas técnicas aplicadas nos proxectos de dixitalización polas distintas institucións e abordar cun programa explícito os traballos que é necesario realizar.
4. Non debe ter como aspiración lograr a exhaustividade das coleccións no seu repositorio, e polo tanto a dixitalización de todo o patrimonio librario, senón enlazar os distintos repositorios, sexa directamente a determinadas pezas, sexa ao conxunto do repositorio.
5. A Biblioteca debe recoller como aspiración integrar as pezas dixitais ou dixitalizadas existentes en cada momento, propias e alleas, en conxuntos significativos de información, sexan estes librarios, arquivísticos, museísticos, etc., aínda que o seu eixe estea na información escrita.

## 2. ANÁLISE DAS COLECCIÓNS DIXITALIZADAS EXISTENTES CARA Á CONSTITUCIÓN DA BIBLIOTECA VIRTUAL

Un proxecto de dixitalización das coleccións debe ter en conta a que públicos vai dirixido xa que as actuacións na selección, técnicas de dixitalización e especialmente na presentación para a posta en servizo serán fundamentalmente diversas.

Na actualidade as obras xa dixitalizadas polo Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG) son pezas de carácter patrimonial, das que cabe pensar que van destinadas fundamentalmente aos investigadores, aínda que unha organización e presentación distintas ás que se contemplan na actualidade poderían permitir a súa difusión cara a outros públicos.

A análise do proceso de dixitalización e posta en servizo na actualmente denominada Biblioteca Virtual do Centro Superior Bibliográfico e na Biblioteca Universitaria de Santiago<sup>1</sup> deixa ver diferentes tipos de eivas, que teñen relación con distintos aspectos:

- I. A selección realizada non foi feita en función do interese de cada peza e da súa accesibilidade en Galicia, senón da entidade posuidora da colección en que se inscribe, o que, sen dúbida simplificando a fase de selección, é indicativo da carencia dun programa previamente planificado co establecemento de metas, obxectivos e públicos da Biblioteca Virtual. Dado que a base da selección é a institución, no caso de que tal institución careza da colección completa, esta dixitalizouse incompleta, como pode verse no *Semanario político, histórico y literario de La Coruña* de Pardo de Andrade, unha publicación editada en papel non hai moitos anos. A isto engádese que non se coñecen tampouco os criterios aplicados en cada centro posuidor da colección á hora de seleccionar as pezas. As limitacións da selección realizada móstranse con claridade, se se ten en conta que non se fixo practicamente nada que vaia máis alá dos documentos de carácter patrimonial, e, mentres, sectores da información claramente demandados polos usuarios, como é a información biográfica e iconográfica, carecen da máis mínima representación.

Neste sentido, pensamos que polo menos a Biblioteca Virtual debería:

- a) Dixitalizar en formato texto as obras biográficas fundamentais da cultura galega, tales como o *Diccionario* de Couceiro Freijomil, diversas edicións de «Hijos ilustres», etc.
- b) Incorporar mediante enlaces as páxinas doutras publicacións dixitais como o *Repertorio biobibliográfico do exilio galego* ou o *Álbum de Mulleres*, ambos do Consello da Cultura Galega, ou o *Diccionario de Escritores do Barbanza* de Barbantia.
- c) Incorporar á Biblioteca Virtual a base de datos da Consellaría de Cultura existente na actualidade co nome Autores Galegos, completando a información biográfica con enlaces ás copias dixitalizadas destes autores.

1. As pezas postas en servizo na actualidade na web da Biblioteca Universitaria de Santiago son fundamentalmente copias da dixitalización feita polo Centro Superior Bibliográfico.



- d) Engadir á base de datos que acabamos de citar información iconográfica dos autores, dixitalizando gravados, pinturas, fotografías, etc. e apuntando a realizacións xa existentes como os documentos gráficos do Arquivo da Emigración Galega, o *Álbum de Mulleres*, etc. do Consello da Cultura Galega.
  - e) Engadir á base de datos así constituída información oral, partindo de realizacións xa existentes como o Arquivo Sonoro de Galicia.
- II. Os criterios e calidade técnica da propia dixitalización, que parece estar realizada sempre do mesmo xeito, á marxe das características das propias pezas, o que comporta:
- a) A existencia de copias dixitais practicamente ilexibles dado que a técnica parece que foi aplicada sen ter en conta o estado da peza (tintas, estado do papel, etc.) e os usos que tal peza terá previsiblemente.
  - b) A eliminación de páxinas preliminares e finais, onde en determinadas pezas se contén información absolutamente pertinente para a súa contextualización e outros fins de investigación (prezos do libro, posuidores, procedencia, antigos sistemas de clasificación e ordenación, etc.).
  - c) A exclusiva dixitalización en modo imaxe para todos os documentos, cos conseguintes problemas de recuperación polos usuarios e polos motores de busca.
- III. A posibilidade de poder utilizar unha colección de imaxes dixitais non depende só das normas e controis de calidade da súa dixitalización, senón tamén de como se xestione a colección.

A posta en servizo actual do CSBG é tamén claramente insuficiente pois só se accede a través dun catálogo, é dicir, na denominada internet invisible, ou o que é o mesmo, as pezas non poden ser recuperadas polos motores de busca.

Se unha biblioteca é máis que un catálogo, unha biblioteca virtual é máis que unha base de datos, polo menos mentres os problemas de formatos dos actuais catálogos automatizados de bibliotecas non sexan capaces de xestionar a información electrónica con formatos estándares na web. Por esta razón, as bibliotecas actuais adoitan xestionar as revistas electrónicas, e en xeral os enderezos de internet a que dan acceso, fóra dos seus catálogos.

Isto non quere dicir que non deba manterse o actual acceso á copia dixitalizada desde dentro do catálogo, pero si que tal acceso en exclusiva é altamente insuficiente. Máis ben o que é preciso asegurar é o acceso desde a copia dixitalizada ao rexistro bibliográfico, para que os usuarios saiban en todo momento con exactitude a que texto, edición, etc. están apuntando.

Para corrixir algunhas destas eivas, pensamos que:

- a) É preciso engadir información textual á Biblioteca Virtual, con obxecto de que os usuarios saiban en que coleccións van entrar, cales foron os criterios de selección, cales os de agrupación, con que criterios técnicos se realizou o programa de dixitalización, etc.
- b) É preciso realizar páxinas de acceso con metadatos que poidan ser recuperadas polos motores de busca, forma principal de acceso á información por parte de moitos usua-

- rios. Este acceso cumpriría ademais unha función non menos importante: dar presenza na rede á bibliografía galega e á nosa lingua.
- c) É preciso facer agrupacións temáticas dos documentos, máis alá do seu soporte, que é a forma de acceso presentada na actualidade (publicacións periódicas e mapas). Precísase organizar un arquivo por coleccións temáticas, sendo cada unha destas un grupo de documentos dixitais ou reproducións dixitalizadas que forman un conxunto integral. Tal arquivo debería levar unha introdución textual dun especialista na materia que explicitase o sentido da agrupación realizada.
- d) É preciso tamén «empaquetar» información en función do tipo de usuarios: investigadores, estudantes de distintos niveis de ensino, nenos, profesores, etc. En relación a estes públicos, especialmente a información dirixida a estudantes de ensino básico e medio, debería estudarse a posibilidade de distribuír esta información noutros soportes, mentres o acceso á banda ancha non sexa universal en Galicia.
- e) As formas de acceso contempladas en c) e d) non son incompatibles con outras que forman parte das prácticas habituais dos usuarios e que, ademais do acceso a través do propio catálogo, son realizar *browsing* de coleccións por
- títulos
  - materias
  - lugar
  - tipo de material
  - época
- f) É preciso ofrecer formato texto polo menos para determinados documentos e en todos os que sexa posible as táboas de contido, índices, etc. que apunten a partes determinadas do documento.
- g) Sería moi conveniente ofertar outros valores engadidos á copia dixitalizada, como bibliografía de determinados textos ou pezas especialmente significativas na cultura galega, enlaces a outros textos dixitalizados do mesmo autor ou mesma temática dentro da biblioteca virtual ou fóra (Biblioteca Virtual Galega, literatura emblemática hispánica, etc.), enlaces á información biográfica (base de datos de autores galegos concibidas como se dixo anteriormente, Galipedia e outras wikipedias, etc.).
- f) É imprescindible ofrecer formatos que poidan ser visualizados e descargados con facilidade por todo tipo de usuarios.

### 3. CARA AO FUTURO

Entendemos que é prioritario a calquera outra actuación corraxir as eivas postas de relevo na anterior análise, que non fan máis que ocasionar unha infrautilización dos investimentos ata agora realizados e dar unha mala imaxe das actuacións neste campo.

Coidamos que poñer en marcha as propostas incluídas para facer fronte ás eivas devanditas permitiría xa cos fondos dixitalizados e outros dixitais existentes crear unha verdadeira Biblioteca Virtual con presenza na rede, servizo aos usuarios e competitiva respecto ás boas realizacións xa existentes na nosa contorna (Biblioteca Nacional de Portugal, de Francia, etc.), así como dar confianza no desenvolvemento futuro da Biblioteca Nacional de Galicia e irle proporcionando visibilidade a esta.

Simultaneamente e aproveitando o posible financiamento doutras administracións, habería que proceder á dixitalización doutras pezas bibliográficas de singular valor, fundamentalmente daquelas que están fóra de Galicia e, polo tanto, de máis difícil acceso. Nesa selección debería tamén atenderse a outros materiais, tales como fotografías, carteis, documentos relacionados con textos xa dixitalizados, panfletos e outros tipos de publicacións menores.

Pero a atención a outros públicos, amais dos investigadores, móstrase urxente e de elemental necesidade. As vías para conseguilo pasan pola xa referida reelaboración dos materiais (véx. p. 50), pero tamén por outras actuacións como son:

- I. Incluír nas agrupacións informativas devanditas documentos dixitais, tales como exposicións virtuais, catálogos e vídeos de exposicións físicas, gravacións de representacións teatrais, etc. Por poñer un exemplo, a información audiovisual de exposicións realizadas ultimamente como Intramuros, a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, os textos e imaxes dos paneis de Nazón de Breogán teñen fácil encaixe con moitos dos textos dixitalizados polo CSBG para formar unha agrupación temática.
- II. Introducir na Biblioteca Virtual información sobre a produción bibliográfica actual de Galicia, mediante acordos previos cos editores, que sirva para dar presenza ao libro galego. Os estudos indican que o acceso fragmentario aos libros e revistas a través da rede non diminúe as vendas senón que, pola contra, as incentiva.

Esta presenza debería facerse mediante dúas vías:

- Constitución dunha páxina de novidades editoriais, na que temporalmente se accedería á:
  - a) Tapa do libro ou revista
  - b) Táboa de contidos do libro ou revista
  - c) Índices onomásticos, etc.
  - d) Algún capítulo ou artigo significativo a texto completo
  - e) Críticas do libro
  - f) Opinións dos lectores

- g) Enlaces a outra información dispoñible na Biblioteca Virtual (outras obras do autor, obras da mesma temática, información biográfica do autor, etc.) ou fóra dela (editorial, críticas noutros portais, blogs dos autores, etc.).
- Introducción de enlaces nos rexistros do catálogo con carácter permanente polo menos a a), b), c) e d).
- III. Construír un depósito institucional de revistas culturais e científicas galegas de acordo cos principios do movemento de acceso libre ao coñecemento que dea presenza á produción bibliográfica galega en internet. Tal depósito debería ser froito da colaboración de editores e institucións de Galicia e ser realizado de forma flexible de tal xeito que cada publicación poida ter a súa propia política de integración dos artigos no repositorio. Os seus contidos terían que abranguer o conxunto da revista e habería que proceder á retrodixitalización. O acceso debería permitir a consulta e descarga dos artigos completos e un sistema de alerta aos usuarios que o demanden sobre a incorporación de fascículos de títulos do seu interese, con envío por correo electrónico dos sumarios. O exemplo catalán de RACO (<http://www.raco.cat/>) parécenos pertinente tanto desde as características esixidas ás publicacións, como da colaboración de entidades e a aceptación de diversas políticas editoriais respecto ao acceso.
- IV. Construír un depósito dixital da web galega, capturando, preservando, organizando e poñendo en servizo as páxinas web publicadas en internet, mediante a captura dos recursos publicados en aberto e mediante o alento ao depósito destas por parte das entidades creadoras, de tal xeito que se garanta a accesibilidade permanente á produción web nas súas distintas edicións. Indubidablemente tal proxecto require unha fase previa de estudo, derivada da súa complexidade técnica e legal (propiedade intelectual), e de definición do alcance que se vai dar ao patrimonio dixital. Esta fase debería ser xa posta en marcha, se non se quere perder unha parte dese patrimonio.

#### 4. SUXESTIÓNS PARA LIÑAS DE TRABALLO INMEDIATAS

A Comisión aconsella como primeiro paso a publicación na rede daquelas revistas que xa estean dixitalizadas por institucións como o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, a Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela ou o propio Consello da Cultura Galega, entre outras.

Recoméndase tamén proceder á dixitalización das coleccións completas dunha serie de publicacións periódicas clave na conformación da cultura galega contemporánea. Dunha banda, revistas históricas tales como *Galicia. Revista Universal de este Reino*, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, *Logos*, *A Nosa Terra*, *Céltiga*, *Vida Gallega*, *Alfar* ou *Nós*. En canto ás máis recentes, menciónanse publicacións como *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Grial*, *El Museo de Pontevedra*, *Boletín*

da *Real Academia Galega*, *Boletín Auriense* ou *Brigantium*. A Comisión comprométese a elaborar e entregar unha listaxe razoada de publicacións de ambos os tipos (históricas e actuais). Para o traballo de dixitalización destas, a Comisión propón contar coa colaboración dun equipo de investigación especializado, con participación de expertos da universidade galega.

No tocante á captación da atención do público non galego e á proxección internacional dos fondos dixitalizados, a Comisión aconsella abordar nunha primeira fase dous temas prioritarios:

1. As migracións, e en particular a emigración galega. O Consello da Cultura Galega ofrece á Fundación da Cidade da Cultura a posibilidade de asinar un convenio de colaboración para regular a cesión da información dixitalizada polo Arquivo da Emigración Galega, na que se inclúen os seguintes fondos: fotografías, carteis, biografías, cubertas de libros, actas de asociacións galegas e material sonoro.
2. A peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago. Para a elaboración dos fondos correspondentes a este tema, debe contarse co material gráfico, bibliográfico, sonoro e doutro tipo producido ao longo dos últimos anos polas institucións galegas, nomeadamente a Consellaría de Cultura, o Consorcio da Cidade de Santiago e en particular a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo.











